



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2007



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2007

CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



Impreso en papel 100% reciclado.

Dirección e coordinación:
Carlos Vales Vázquez

Equipo de traballo:
Mónica Agrazo Martínez
Carmen Borobio Vázquez
Andrés Burgos Delgado
Verónica Campos García
Mónica Fernández Meirama
Fátima Leal Bolado
Xulio López Pérez
Laura M^a Mosquera García
Natalia Neira García
Verónica Pajón Jacobo
Ana Belén Pardo Cereijo
Sonia Pazos Vieiro
Adriana Rodríguez Eiroa
María José Saavedra Carballido
Araceli Serantes Pazos
Rebeca Vázquez Vázquez

CEIDA Centro de Extensión Universitaria e Divulgación
Ambiental de Galicia
Castelo de Santa Cruz s/n 15179 Liáns Oleiros
Tel 981630618
Fax 981614443
www.ceida.org

ceida@ceida.org
cooperacion@ceida.org
documentacion@ceida.org
educacion@ceida.org
formacion@ceida.org

Depósito legal:
Impreso en papel 100% reciclado.

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2007

Actividades de formación e divulgación

14

Proxecto SEREA

16

I seminario de sensibilización e orientación cara ao cambio
“buscando solucións: evolución do sector pesqueiro”

17

II seminario de sensibilización e orientación cara ao cambio
“responsabilidade social empresarial”

18

III seminario de sensibilización e orientación cara ao cambio
“reservas mariñas protexidas, pesca sostible e comercialización”

19

IV seminario de sensibilización e orientación cara ao cambio
“pescaturismo, ititurismo e turismo mariñeiro”

20

Análise hemerográfica

21

22

Actividades no Castelo de Santa Cruz

Master en xestión ambiental, auditorías e xestión do medio ambiente municipal

23

Curso de interpretación para a conservación dos espazos naturais protexidos

24

Presentación do libro “O tempo dos ríos”

25

Conferencia “A auga e os ríos no sistema educativo ante a nova cultura da auga”

26

I foro de educadoras e educadores ambientais de Galicia

27

Xornadas de reflexión e debate: a xestión do litoral

28

Seminario sobre compostaxe

29

Obradoiro de educación ambiental: cómo traballar con nenos

30

Rede Natura 2000: oportunidades e conflitos

31

A educación ambiental no sistema educativo: unha liña de traballo en espazos protexidos

32

O futuro dos bosques: oportunidades e desafíos

33

Introdución á arqueoloxía subacuática

34

Reunión do International Geoscience Programme IGPC 497

35

Seminario: instrumentos sociais e conservación de especies

36

Xornadas formativas: a búsqueda da sustentabilidade dende os concellos

37

Análise hemerográfica

38

Actividades fóra do Castelo

Curso de educación para a sustentabilidade e interpretación do patrimonio, a Rede Natura 2000

42

Xornadas formativas: a búsqueda da sustentabilidade dende os concellos

43

OutrasJornadas de la Asociación para la Interpretación del Patrimonio: uso público en espacios naturales
protegidos y difusión del patrimonio cultural

44

Xornadas da paisaxe cultural do noroeste

44

Introdución á interpretación do patrimonio e pautas para o deseño de itinerarios guiados

44

IV seminario de equipamentos para la educación ambiental

45

Programas de educación ambiental

46

O mar e a costa, recursos valiosos para todos

48

Aula do Mar. Centro de recepción de visitantes do Monumento Natural de Dexo – Serantes

50

Análise hemerográfica

51

I congreso de educación ambiental dos centros educativos da Coruña

52

Análise hemerográfica

55

Programas temporais

57

O mundo das árbores

57

Amigo Lobo. Lenda e realidade do lobo ibérico

58

Un mundo de enerxías

59

Análise hemerográfica

60

Programa de visitas guiadas ao CEIDA

63

Exposicións 64

Eclipse. El Roto	66
O mundo das árbores	67
V concurso de fotografía de montaña	68
ENCE, a hipoteca dun pobo	69
Amigo Lobo, lenda e realidade do lobo ibérico	70
Fotógrafos da natureza 2007. Wildlife photographer of the year	71
Un mundo de enerxías	72
Queremos coñecerte	73
Áreas Mariñas Protexidas	74
10 anos de Voz Natura	75
Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia	76
O límite do mar	77

Exposicións itinerantes 78

Operación Monarca	80
Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible	81
O Patrimonio marítimo de Galicia	82
Áreas Mariñas Protexidas	83
Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción	84

Actividades de cooperación 86

Encontro galego – portugués de cooperación en Mozambique	88
Cume europeo anual do Forest Movement Europe (FME)	89
Seminário: educação ambiental no marco da DNUEDS (Década das Nações Unidas da Educação para o Desenvolvimento Sustentável)	90
I congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia	92
Análise hemerográfica	94

Centro de documentación Domingo Quiroga 98

Seminario de centros de documentación ambiental e Espazos Naturais Protexidos	100
Publicacións	102

Entidades colaboradoras 104

Espero que a memoria de actividades recollida neste libro permita comprobar ata que punto o CEIDA é un proxecto consolidado. Porque o número e diversidade das actividades realizadas ao longo destes anos non fixo máis que incrementarse de maneira constante e sistemática, de forma que, finalizado este ano, podemos afirmar, sen temor a equivocarnos, que as actividades de formación, divulgación e educación ambiental chegan a milleiros de persoas cada ano e, o que para min é moi importante, que estas actividades se realizan coa colaboración das diferentes administracións públicas, das empresas, organizacións profesionais, asociacións ambientalistas e outras entidades, de maneira que os responsables das institucións que decidimos no seu día constituír o CEIDA como xermolo do Centro de Referencia para a Educación Ambiental en Galicia, a saber, o Concello de Oleiros, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e a Universidade da Coruña, non representamos senón ás entidades dinamizadoras dun cada vez máis amplo tecido social que traballa a prol dun futuro sustentable.

Gustaría de resaltar tamén a ampliación do ámbito territorial no que o CEIDA realiza as súas actividades, ampliación que, desde logo, non está feita con afán expansionista, senón para cubrir as demandas de formación e capacitación ambiental ao longo de todo o territorio galego. A día de hoxe, o CEIDA, froito das solicitudes que así llo reclaman, organiza actividades tanto en Vigo como en Cedeira, tanto en Betanzos como en Covelo, co fin de cumprir os obxectivos que os seus estatutos lle demandan ou de atender os proxectos de colaboración cos seus múltiples socios, tanto galegos como, cada vez con maior frecuencia, tamén internacionais.

O outro aspecto que considero debe ser resaltado no balance de actividades deste ano é o papel xogado polo CEIDA en fortalecer liñas de traballo internacionais en educación ambiental, contribuíndo a constituír redes de aprendizaxe e boas prácticas para facer fronte aos impresionantes desafíos ambientais da nosa época. Debemos sentirnos orgullosos de que Galicia fose a anfitroia do I congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia, iniciando un camiño que ten vocación de perdurar. Desexo que ese sexa o inicio dun proceso que nos leve a colaborar solidariamente con todas as institucións que tanto no ámbito da lusofonía, como en Iberoamérica, en Europa e en todo o mundo traballan para enfrontar os problemas ambientais globais.

José María Barja
Reitor da Universidade da Coruña
Presidente do CEIDA

O 2007, un ano para a descentralización e a cooperación internacional

O ano 2007 supón un novo paso no proceso de consolidación do CEIDA como centro de referencia da educación ambiental en Galicia. Isto vén axudado pola estabilidade institucional, posto que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Universidade da Coruña e mais o Concello de Oleiros, mantiveron os mesmos representantes que durante o ano 2006. Contrástase esta situación coa do período 2001-2005 no cal en cinco anos formaron parte dos organismos de representación do CEIDA tres conselleiros de Medio Ambiente e catro Directores Xerais da mesma consellería, dous reitores da Universidade da Coruña e dous alcaldes. A estabilidade actual posibilita un coñecemento máis demorado dos proxectos en marcha, polo que o traballo do CEIDA non tivo que esforzarse en demostrar a súa necesidade senón que puido centrar as súas enerxías en mellorar a súa eficacia e utilidade para as institucións do consorcio. A título de exemplo, o Centro puido colaborar coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente, a través da produción dunha exposición itinerante, nos seus esforzos ante o Cambio Climático, un problema ambiental que debe involucrar a todos os sectores sociais, incluídas administracións, empresas, centros de investigación e sociedade civil; puido colaborar coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza e co Concello de Oleiros na xestión e promoción do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes, a través do desenvolvemento de actividades de educación ambiental e a atención aos visitantes na Aula do Mar situada na casa do fareiro dos faros de Mera; puido contribuír á conservación do medio mariño, a través da colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Pesca, o sector produtivo, expertos e ambientalistas; ou puido aproveitar a bagaxe científica e intelectual asociada ao claustro de profesores da Universidade coruñesa para avanzar en políticas de defensa ambiental, como é a defensa do litoral ante a presión urbanística desmesurada ou especulativa. Son algúns exemplos de actividades que quedan patentes nesta memoria.



A exposición 'Cambio Climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción' forma parte do programa de exposicións itinerantes do CEIDA.



Celestino García Graña, decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, durante as 'Xornadas de reflexión e debate: a xestión do litoral'. Portada do tríptico do programa.





Monitora do CEIDA durante unha visita guiada ao Monumento Natural Costa de Dexo - Serantes

A estabilidade tamén permitiu darlle continuidade a un equipo humano cada vez máis cualificado, con maior experiencia e capaz de atender tarefas máis complexas e diversificadas, incluíndo a organización de cursos e congresos, a elaboración de programas, a xestión de fondos europeos e a mellora da comunicación social. Así mesmo, esas capacidades posibilitaron avanzar na consecución de recursos externos, de maneira que o orzamento anual do CEIDA vese de novo incrementado con respecto aos orzamentos dos anos anteriores, sen que isto supoña un aumento das cargas orzamentarias para as institucións do consorcio do CEIDA.



A antiga casa do fareiro de Mera acolle a Aula do Mar

Evolución dos orzamentos no período 2001-2007



Entidades que achegan persoal ao CEIDA

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
CEIDA	2	3	7	15	13	11	16
Universidade da Coruña	2	2	2	2	1	1	1
Concello de Oleiros	1	7	8	1	1	1	1
Prácticas *	1	5	2	7	4	4	6
Consellería de Educación	-	-	-	-	-	1	1

* A través da Universidade da Coruña e ciclos formativos

A estabilidade tamén posibilitou centrar os esforzos en proxectos con vocación de continuidade, de maneira que liñas de traballo que se foran abrindo paso en anos anteriores seguen a desenvolverse neste ano, ao tempo que amplían os seus formatos, obxectivos e destinatarios. Así, na área de formación, continúa a ter relevancia o traballo dirixido aos guías, intérpretes e educadores ambientais, unha liña de actividade indispensable nun centro que ten como obxectivo contribuír á dinamización da educación ambiental no seu ámbito de influencia. Continúase a traballar na conservación e xestión sustentable do medio mariño e, en xeral, do patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia, e iníciase un traballo sistemático cos municipios. Os programas e actividades de educación e divulgación ambiental diversifícanse, ampliando os seus contidos e destinatarios, e os materiais e publicacións postos ao servizo dos educadores ambientais, dos divulgadores e da cidadanía continúan a incrementarse.

Relación de actividades realizadas polo CEIDA e participantes nas mesmas no período 2001-2007

Número de actividades	2007	2001	2007
Actividades de formación e divulgación ambiental	29	180	
Exposicións	12	53	
Exposicións itinerantes (nº de itinerancias)	80	122	
Programa de educación ambiental	148	964	
Actividades de Cooperación	4	4	
Total	273	1323	

Número de participantes	2007	2001	2007
Actividades de formación e divulgación ambiental	1144	7427	
Exposicións	18761	87160	
Exposicións itinerantes	40814	61477	
Programa de educación ambiental	4778	30077	
Aula do Mar	12137	22799	
Actividades de Cooperación	540	540	
Total	78174	209480	

Mención especial merece o avance de calidade e prestación de servizos acontecido no Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, por mor do seu traslado a unhas novas instalacións dentro do edificio do Castelo de Santa Cruz, o que permitiu incrementar notablemente o espazo dispoñible así como ofertar unhas instalacións moito máis funcionais para os usuarios.



O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, dispón de 3 estancias: atención ao público, consulta e depósito

Todas estas actividades e actuacións leváronse a cabo mantendo dous sinais de identidade definitorios do proxecto CEIDA, contando con expertos de primeiro nivel tanto no ámbito galego como no español e mundial, esforzándose en achegar a Galicia expertos e experiencias internacionais relevantes, e abrindo espazos de intercambio de reflexións, coñecementos e prácticas aos expertos e educadores galegos. E todo isto facéndoo, como tamén é tradición no estilo de traballo do CEIDA, en colaboración con administracións públicas, empresas, colectivos profesionais, expertos e organizacións ambientalistas, procurando crear sinerxías e fortalecer o tecido social favorable ás boas prácticas ambientais.



Países de orixe de conferenciantes e relatores das actividades do CEIDA no período 2001-2007

Hai dous aspectos da actividade do CEIDA ao longo do ano 2007 que merecen ser destacados pola súa especial relevancia, a descentralización de actividades, e a cooperación internacional. Aínda que xa con anterioridade o CEIDA tiña organizado cursos e outras actividades formativas fóra da súa sede central no Castelo de Santa Cruz, así como tiñan circulado por toda Galicia exposicións e materiais divulgativos e educativos, é no ano 2007 cando esta diversificación xeográfica das actividades se converte nun dos obxectivos de xestión, co fin de achegar as posibilidades de formación e capacitación ambiental aos potenciais destinatarios. Este obxectivo prioritario viuse complementado co traballo desenvolvido en proxectos de cooperación internacional, o que leva a abrir unha dinámica nova na presenza pública do CEIDA.

O ano 2007 é tamén un ano que marca a proxección internacional do CEIDA, confirmada na celebración en Santiago de Compostela do I congreso de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia. Desde a posta en marcha do proxecto de xestión do CEIDA no verán do ano 2001, unha das liñas de traballo que sempre estivo presente na xestión do proxecto foi a de abrir ao mundo, co fin de compartir obxectivos e proxectos con outras institucións, de aprender doutras experiencias, de aportar –cando cumpriuse– a experiencia propia, e de dar a coñecer a realidade galega e a nosa experiencia no campo da xestión e a educación ambiental. Os contactos que esta liña de traballo posibilitou foron especialmente significativos cos educadores e institucións das distintas comunidades autónomas españolas, no ámbito iberoamericano e, de maneira confluente, no ámbito da lusofonía, nomeadamente cos colegas brasileiros. Froito deste proceso de intercambio de experiencias e recoñecemento mutuo, no último congreso iberoamericano de educación ambiental, celebrado en Joinville, Brasil, no ano 2006, a delegación oficial brasileira propuxo a celebración dun congreso de educación ambiental do ámbito da lusofonía, e que Galicia fose a anfitrioa. O CEIDA, co apoio firme e entusiasta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, foi un axente principal na realización deste congreso, que abre un novo período no traballo conxunto de todos os países participantes.



Lugares onde o CEIDA organizou ou colaborou na organización de actividades ao longo do 2007




I congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia que tivo lugar en setembro de 2007 en Santiago de Compostela



I Congreso Internacional de
Educación Ambiental
dos Países Lusófonos e Galicia
24-27 setembro 2007 Santiago de Compostela





Actividades de formación e divulgación

SEREA é un proxecto europeo que ten como obxectivo principal impulsar a creación dun modelo de reestruturación socioeconómica e laboral no sector pesqueiro de baixura. Iniciouse en novembro do 2006 e rematará en outubro de 2008.

SEREA é un proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo, en virtude do artigo 6 "Enfoques Innovadores na Xestión do Cambio". Trátase dunha medida innovadora no ámbito da xestión da reestruturación enfocada ao sector pesqueiro de baixura e ao marisqueo.

Son varias as entidades que promoven SEREA. O Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR (que coordina o proxecto), a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia - CEIDA, a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, a Confraría de Pescadores de Cedeira, a Confraría de Pescadores de Lira e a Confraría de Pescadores de San Antonio de Cambados. No proxecto participan tamén socios doutros países europeos: Coopérative Audierne Port (Bretaña) e o Consorzio Pescatori Golfo dell'Asinara - COPEGA (Sardenia) en colaboración con Legapesca, asociación de cooperativas pesqueiras de Italia. Ademais participan como socios convidados: a Latvian National Board of Fisheries e a Latvian Fisherman Federation.

A explotación excesiva, os elevados prezos do gasóleo e o deterioro da imaxe social do sector son as actuais problemáticas da pesca de baixura e están provocando un descenso da actividade e do relevo xeracional. Estes cambios teñen unha importante repercusión económica e tamén

social, xa que, en moitas zonas da nosa costa a pesca e o marisqueo representan a principal fonte de ingresos, son o motor do desenvolvemento. Neste contexto, propúxose un proxecto que busca facilitar a cultura do cambio dentro do sector da pesca de baixura e o marisqueo e seguindo unha filosofía de participación.

Os principais beneficiarios destes proxectos son traballadores e empresas do sector da pesca extractiva de baixura e do marisqueo, confrarías de pescadores e as distintas administracións públicas do sector.

Dentro do proxecto SEREA, o CEIDA é a entidade encargada da coordinación de seminarios de sensibilización e orientación cara ao cambio. No 2007 celebráronse catro seminarios centrados na cultura do cambio, na responsabilidade social empresarial, nas reservas mariñas protexidas e na pesca sostible, comercialización, pescaturismo, ititurismo e turismo mariñeiro. Nos seminarios contou con expertos externos especializados nas temáticas abarcadas e tamén con persoal técnico das entidades promotoras e das administracións públicas. A participación do CEIDA estendeuse aos intercambios transnacionais de experiencias levadas a cabo con éxito por profesionais do sector pesqueiro dos países e zonas participantes no proxecto, co obxectivo de coñecer de primeira man ditas prácticas de pesca sostible, turismo mariñeiro, innovacións tecnolóxicas, etc.

Foron catro os seminarios que se desenvolveron no 2007. Vigo, Oleiros e Cedeira acolleron as actividades que tiveron lugar en Galicia, o cuarto foi en Italia, na localidade Porto Torres de Sardenia.



O seminario tivo lugar o 24 de abril na sede do Centro Tecnolóxico do Mar – CETMAR en Vigo, co obxectivo de dar a coñecer distintas experiencias impulsadas por mariscadores e pescadores para revitalizar económica e socialmente o sector.

A actividade comezou cunha conferencia introdutoria a cargo de **Pedro Martín Gutiérrez**, profesor asociado do Departamento de Socioloxía e Traballo Social na Universidade de Valladolid, na que relatou os principios nos procesos de cambio, os tópicos a combater e as metodoloxías participativas. **Emilio Louro Lamela**, secretario da Confraría de Lira abriu a exposición de experiencias, falou sobre as iniciativas de cambio propostas polos pescadores que contaron co apoio de distintas organizacións como a Universidade da Coruña e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Iniciativas que se concretaron en tres proxectos: Lonxanet, Mar de Lira e a reserva mariña de “Os Miñarzos”. **Gilles Bernard**, da Cooperative Audierne

Port de Breña, expuxo o proxecto de etiquetado do peixe e as estratexias de venda propostas polos pescadores da cooperativa bretona para loitar contra o aumento de vendas da acuicultura mediterránea. A terceira experiencia, non vinculada ao mundo do mar, a cargo de **Rubén David Fernández**, da Cooperativa ETCs de Cataluña, versou sobre o traballo desta cooperativa nos procesos de participación no barrio de Roquetas en Barcelona. Nos obradoiros reflexionouse sobre as causas dos descensos nas capturas intentando delimitar culpables e posibles solucións; a coordinación correu a cargo de **Constantino Gago Conde**, consultor en economía social e asesor da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

No seminario participaron 50 persoas vinculadas ao mundo do mar: pescadores e mariscadores, persoal da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, representantes das entidades promotoras e consultoras do sector pesqueiro.



O 18 de xuño desenvolveuse este seminario no Castelo de Santa Cruz en Oleiros, sede do CEIDA. A presentación da responsabilidade social corporativa (RSC) así como unha selección de experiencias foron os obxectivos do evento xunto cun debate sobre a importancia da RSC nas organizacións do sector pesqueiro de baixura.

Constantino Gago, consultor en economía social abriu o seminario cunha conferencia introdutoria titulada responsabilidade social corporativa, conciencia ou moda? na que repasou os conceptos básicos da RSC. A primeira intervención na exposición de experiencias prácticas relatouna **Antonio Cortés**, director de marketing do grupo GADISA, que expuxo a política de RSC do grupo empresarial que representa. **Xulián Ferradas**, da cooperativa Artesáns do Mar S. Coop. Galega, falou do seu proxecto de comercialización directa de produtos pesqueiros artesanais do mar ofrecendo aos seus clientes garantías de calidade, orixe e procedencia, xa que traballan exclusivamente con elementos autóctonos galegos explotados de forma artesanal e que proceden de pesqueiras sostíbeis a medio e longo prazo e responsables co medio ambiente. **Félix Velasco** de Forética, asociación que promove a responsabilidade social, repasou a situación da RSC no estado español. **Paolo Guerriero**, de Legapesca - asociación de cooperativas pesqueiras de Italia -, presentou a experiencia de varias cooperativas italianas na realización de actividades de ititurismo con diminuídos físicos e psíquicos. **Ardora Formación e Servicos S. Coop. Galega** coordinou os obradoiros nos que se analizou unha cooperativa de traballo asociado que se dedica á extracción e comercialización de algas para consumo humano. Analizáronse os beneficios que a RSC pode aportar así como as melloras que a empresa debe adoptar en materia de RSC.

Participaron 34 persoas vinculadas a confrarías e organizacións de pescadores e mariscadores, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, consultoras que traballan co sector pesqueiro e persoal das entidades promotoras do SEREA.



O seminario, organizado pola Universidade de Vigo e o CEIDA, desenvolveuse o 18 de xullo no salón de actos da confraría de pescadores de Cedeira co obxectivo de reflexionar sobre as reservas mariñas protexidas, dos seus beneficios nas poboacións de especies explotables e das melloras que proporcionan na xestión das pesqueiras.

O seminario comezou cunha conferencia introdutoria sobre conceptos de ecoloxía e funcionamento das áreas mariñas protexidas impartida por **Ángel Pérez Ruzafa**, catedrático de ecoloxía do Departamento de Ecoloxía e Hidroloxía da Universidade de Murcia. A continuación expuxéronse experiencias prácticas. A primeira delas a cargo de **Josép Coll Montserrat** que presentou a reserva mariña do Nord de Menorca (Balears) na que traballa de técnico. Na seguinte intervención **Victòria Riera Aragó**, directora do Parque Natural de Cap de Creus (Cataluña), relatou a experiencia deste parque na protección do medio mariño. **Agustín Pérez Pernas**, patrón maior da confraría de Cedeira, expuxo a iniciativa da Carta de Cedeira e a proposta da reserva mariña para esta ría. Rematando as experiencias, **Phillipe Le Nillot** relatou a proposta do Parque Natural Mariño d'Iroise (Bretaña) de recente aprobación que integra patrimonio natural, cultural e actividades humanas. A xornada rematou cun obradoiro coordinado por **Ardora Formación e Servicos S. Coop. Galega** no que se analizou o Decreto de Declaración da Reserva Mariña Os Miñarzos (Lira) cunha reflexión sobre as limitacións para a pesca profesional e deportiva dentro desta reserva.

Participaron neste seminario 39 persoas vinculadas a confrarías, organizacións de pescadores e mariscadores, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, consultoras que traballan no sector pesqueiro e representantes das entidades promotoras do proxecto.



Ángel Pérez, da Universidade de Murcia, Gilles Bernard, da cooperativa Audierne Port e Phillipe Le Nillot, do Parque Natural Mariño d'Iroise (Bretaña)



Do 4 ao 6 de setembro tivo lugar este seminario na localidade italiana de Porto Torres (Sardenia) organizado polo Consorzio Pescatori Golfo dell'Asinara – COPEGA e que contou coa colaboración do Centro Tecnolóxico do Mar – Fundación CETMAR, Universidade de Vigo e CEIDA. Coñecer in situ a experiencia italiana en materia de pescaturismo e itititurismo e intercambiar experiencias con asociacións de pescadores sardos foron os obxectivos deste seminario que se desenvolveu a bordo dun barco, o Tre Fratelli utilizado nas actividades de visitas turísticas aos pescadores.

Lucía Fraga, do Centro Tecnolóxico do Mar – Fundación CETMAR, comezou a exposición das experiencias presentando as recompiladas en Galicia así como outras procedentes do estado. **Gilles Bernarnd**, de Audierne Port, foi o encargado de falar das experiencias bretonas e outras actividades que se están a desenvolver na actualidade en Francia. A quenda de Italia, e en especial de Sardenia, dedicouse ás experiencias e innovacións de apoio á pesca de baixura. **Rosa Chapela**, do Centro Tecnolóxico do Mar – Fundación CETMAR, presentou a situación do pescaturismo no estado español. Durante o seminario presentáronse o Proxecto Faro (orientación ao cambio e adaptación da comunidade pesqueira), o Proxecto Rosa dei Venti (material e instrumentos para a aprendizaxe da comunidade pesqueira), o Proxecto Immigrazione presentado por **Massimo Bellavista**, de Legapesca (centrado no apoio ao persoal marítimo fóra da comunidade europea), o Proxecto Marimed (modelo de desenvolvemento do turismo sostible), La strada del pesce (actividade complementaria do pescaturismo), o Proxecto Gavea (Galicia Vela Adaptada) e o Proxecto Pinta (proposta de mellora do pescaturismo).

Tamén ao longo da actividade se levaron a cabo encontros cos pescadores de Stintino e Castelsardo, así como obradoiros de preparación de receitas tradicionais a cargo das delegacións galega, bretona e sarda.



O Proxecto Serea foi, no 2007, unha actividade de interese para os distintos medios de comunicación galegos. O seu tratamento foi o correcto; na maioría dos casos as novas referentes a este proxecto ocuparon as páxinas de marítima e pesca e mesmo, tivo relevancia en programas especializados da radio.

O II Seminario do Proxecto Serea, "Sensibilización e orientación cara ao cambio: responsabilidade social empresarial", celebrado no mes de xuño na sede do CEIDA, ocupou as páxinas de marítima de xornais como [La Región](#), [La Opinión de A Coruña](#), [La Voz de Galicia](#), e varios membros da organización do acto foron entrevistados en magazines de radios locais, como [Cadena Ser](#) ou [RNE](#).

Un mes máis tarde, en xullo, numerosos medios de comunicación locais anunciaron o III Seminario do proxecto

celebrado no concello coruñés de Cedeira baixo o título "Sensibilización e orientación cara ao cambio: reservas mariñas protexidas, pesca sostible e comercialización". No mesmo día, o 18 de xullo, radio e prensa cubriu o acto a través de entrevistas a distintos socios do proxecto ([Cadena Ser](#), [Radio Galega](#), entre outras). Un día despois, a sección de [Marítima](#) de [La Voz de Galicia](#) abriu a sección cunha noticia de catro módulos baixo o título "Toda la ría de Cedeira constituirá la segunda reserva marina de Galicia". O xornalista Antón Luaces, publicou en [La Opinión de A Coruña](#) unha noticia (secundaria e de catro módulos) onde recolleu as conclusións ás que se chegaron neste seminario, "Los expertos apoyan las reservas marinas para mantener la pesca".

Os xornais dixitais galegos, como [Xornal.com](#) ou [Noticias-Galicia.com](#), tamén fixeron eco do evento.



La cofradía pretende extender el área protegida a 30 kilómetros del litoral exterior

Toda la ría de Cedeira constituirá la segunda reserva marina de Galicia

En las zonas acotadas del Mediterráneo se ha duplicado la producción pesquera

Francisco Varela
FERROL


■ La segunda reserva marina de pesca de Galicia abarcará toda la ría de Cedeira. Los trabajos para su puesta en marcha comenzarán con la petición oficial que realizará la cofradía, en un plazo inferior al mes. Su demarcación quedará fijada desde las puntas Chirlateira y Meda, una a cada lado de la boca, hacia el interior. En contra de lo que pudiera pensarse, los pescadores cedeireses son los primeros interesados en la misma, según quedó de manifiesto en el seminario celebrado ayer en el pósito y organizado por el Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida). El patrón mayor, Agustín Pérez Pernas, lo explicó en pocas palabras: «Vai ser como unha granxa; dentro da ría cría o peixe que logo nós pescaremos fóra». Los trabajos preliminares han contado ya con la colaboración de la Administración.

Según explicaron los técnicos de Pesca presentes, tras la petición oficial se creará un grupo de trabajo formado por los marineros y la Xunta que sentará las bases del decreto que apruebe definitivamente

la reserva. En parte de la misma se podrá faenar y mariscar bajo control de los órganos de gestión, si bien habrá áreas de alevinaje (cría de peces pequeños) que estarán completamente vedadas a la pesca. Fuentes del pósito informaron de que el siguiente paso, ya a medio plazo, será conseguir una reserva en todas las aguas exteriores de la demarcación de la cofradía, desde Pantín a los acantilados de Serra da Capela, unos 30 kilómetros de litoral y con 12 millas mar adentro. Su tramitación y aprobación será más compleja, pues se solapan las competencias autonómicas y las del Estado, pero la bajura cedeiresa cree que ése es el camino a seguir y ha recibido el aplauso de grupos ecologistas como Greenpeace.

Eficacia y rentabilidad

En el seminario participó Ángel Pérez Ruzaga, catedrático de Ecología de la Universidad de Murcia que ha intervenido en la creación de varias reservas del Mediterráneo. Actualmente es el encargado de elaborar un análisis de eficacia, rentabilidad, recuperación de recursos y otros aspectos de todas las reservas marinas pesqueras



LA VOZ

de Europa. Ruzaga recordó que, hace una década, cuando se aprobaron algunas áreas protegidas en el Mediterráneo, el pescador era reticente, pero poco a poco se convirtió en un entusiasta defensor porque «la producción se duplicó».

Phillipe Le Nillot, del Ministerio de Ecología de Francia, explicó que se acaba de aprobar una reserva al oeste del cabo Finisterre de la costa de

Bretaña, de más de 350.000 hectáreas de superficie marina. Un consejo integrado por todos los sectores (pescadores, turismo, municipalidades, departamentos...) lo gestionará.

Los participantes en el seminario, entre ellos también un delegado de los pescadores de Letonia (Báltico) y de otros puertos pesqueros gallegos, se reunirán hoy con la Federación Gallega de Confrarías.

Datas

Do 20 de outubro de 2006 ao 6 de xullo de 2007.

Obxectivos

Ofrecer unha formación especializada que capacite para intervir con seguridade e eficacia na xestión do medio ambiente.

Contidos

Contaminación atmosférica. Tratamento de augas e procesos EDAR – ETAP. Contaminación mariña. Contaminación acústica. Contaminación de solos e recuperación de espazos degradados. Xestión de residuos. Transporte de mercancías perigosas. Radioactividade natural e artificial. Control e detección da Legionella. Enerxías renovables. Dereito ambiental. Política internacional do medio ambiente. Medio ambiente e economía. Medio ambiente e turismo. Actuación policial no contorno ambiental. Educación ambiental. Cartografía e GPS. Sistemas de información xeográfica aplicados ao medio ambiente. Ordenación do territorio e sustentabilidade. Xestión de espazos naturais. Avaliación de impacto ambiental. Sistemas de xestión ambiental ISO 14001- EMAS. Prevención e control integrados da contaminación. Auditorías ambientais. Xestión municipal do medio ambiente. Urbanismo e medio ambiente. Teledetección aplicada a estudos ambientais.

Participantes

9 participantes.

Organiza

OFC Centro de Formación Ambiental.

Colabora

CEIDA.

Relatores

Jesús Robles Blanco, asesor xurídico ambiental. **Eva Álvarez Sánchez**, xefa de laboratorio EDAR (CADA-GUA). **Pedro Menéndez Callés**, xefe do departamento de medio ambiente de ACUSMED. **Juan Mogín Del Pozo**, director grupo TOYSAL. **Emilio Menéndez Pérez**, profesor honorífico da Universidad Politécnica de Madrid e da Universidad Autónoma de Madrid. **Ángel Francisco González González**, doutor en bioloxía do Instituto de Investigacións Mariñas CSIC. **Carlos Vales Vázquez**, director do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA). **José Luis Bermúdez Cela**, xefe de medio ambiente de ENDESA Generación. **Paula Rivero Domingo**, directora de ACUSMED. **Beatriz Calzón Fernández**, conselleira de seguridade para o transporte de mercancías perigosas do Grupo Casintra. **José Antonio Vicente Pérez**, xefe de explotación da planta de residuos industriais COGERSA. **Jesús Romero Gutiérrez**, director de Solcan. **Antonio Ignacio Cueto**, director de AIDEMA. **Luis Abia Águila**, xefe do departamento de medio ambiente de AGBAR Certificacións. **José Francisco Alonso Picón**, profesor de laboratorio de aduanas e impostos especiais. **Juan Carlos Cánovas Suárez**, auditor de Det Norske Veritas. **Jesús David Rodríguez**, químico da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Luis Ángel Horga Rodrigo**, tenente xefe do Servicio de Protección da Natureza. **Higinio Sánchez-Rodilla y Fuentes**, profesor do Consello de Seguridade Nuclear. **Rosario González Moradas**, profesora da Universidad de Oviedo. **Raquel Perdiguier López**, profesora da Universidad de Oviedo. **Sergio Álvarez Fernández**, da Escuela Universitaria de Relaciones Laborales da Universidad de Oviedo. **Isidro Suárez Sánchez**, director do Colexio Bernadet (Madrid).

Datas

Do 28 de febreiro ao 2 de marzo.

Obxectivos

Repasar conceptos de interpretación para poder aplicalos a casos prácticos durante o curso. Analizar o contexto en que se aplicará a interpretación e as dificultades que implica a súa xestión. Analizar os distintos usos nun Espazo Natural Protexido (ENP) segundo a tipoloxía do visitante, os impactos negativos que pode sufrir o patrimonio e a forma de ordenar o seu uso. Prover aos participantes das ferramentas prácticas e metodolóxicas para a elaboración dunha planificación interpretativa. Coñecer conceptos básicos de deseño de equipamentos axustados ás necesidades dos visitantes, á interpretación e aos factores externos. Aplicar técnicas interpretativas a actividades guiadas.

Contidos

Introdución á interpretación do patrimonio. Espazos Naturais Protexidos. Que son e para que serven. Beneficios e servizos que brindan. Xestión dos Espazos Naturais Protexidos. Actores involucrados. Planificación participativa. Plan de manexo. Actividades turísticas e recreativas. Planificación do uso público. Atractivos con potencial inter-

pretativo. Análise dos posibles visitantes e a súa relación cos atractivos e o patrimonio conservado. A interpretación como instrumento de xestión. Proceso de planificación interpretativa. Formación do equipo interdisciplinario. Inventario. Preparación do plan. Análise dos requirimentos. Monitoreo e avaliación. Programación co método do marco lóxico. Equipamentos interpretativos. Conceptos básicos de deseño. Cartelería. Exhibicións. Centros. Artefactos. Actividades guiadas. Técnicas de guiado. A mochila do guía. Deseño sinxelo de axudas visuais.

Participantes

35 participantes.

Organiza

CEIDA.

Relator

Víctor Fratto. Especialista en xestión de espazos protexidos e uso público, intérprete planificador. Director técnico de Faro Punta Delgada e Estancia San Lorenzo (área protexida Península Valdés, Patagonia - Arxentina).



Víctor Fratto

Data

15 de marzo.

Contidos

Presentación do libro “O tempo dos ríos” por **Fco. Javier Martínez Gil** e **Manuel Soto Castiñeira**, editores e co-autores.

Os contidos do libro estrutúranse en catro partes que tratan os seguintes ámbitos: o conflito da auga hoxe, a calidade das augas subterráneas, fluviais e costeiras de Galicia, a planificación hidrolóxica galega e a problemática ambiental e social en diversos ríos.

Participantes

30 asistentes.

Organiza

Universidade da Coruña e Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).

Colabora

CEIDA.

Sobre os editores e co-autores

Fco. Javier Martínez Gil. Catedrático de Hidroxeoloxía na Universidade de Zaragoza. Pai da expresión “Nova cultura da auga” e autor do seu contido doutrinal. Sostén a necesidade de instaurar unha hidroloxía de corte humanístico como forma de deter o “holocausto hidrolóxico” cara ao que camiñamos. Dinos que a degradación dun río é moito máis que unha simple destrución física, é unha amputación espiritual ás persoas e ao territorio.

Manuel Soto Castiñeira. Profesor titular de Enxeñería Química na Universidade da Coruña. As súas investigacións céntranse na depuración de augas residuais, eido no que realizou máis dun centenar de traballos. Dende 1990 forma parte da Xunta Directiva da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).



Fco. Javier Martínez e Manuel Soto na presentación do libro



Data

15 de marzo.

Contidos

Unha reflexión sobre a nova cultura da auga no sistema educativo.

Nova cultura da auga é unha expresión que agocha unha filosofía hidrolóxica nova, unha hidroloxía humanística nacida para frear a destrución dende unha orde hidrolóxica nova, dende unha ética centrada na dimensión espiritual que agocha un río e dende o simbolismo fondo da auga.

Participantes

30 participantes.

Organiza

Universidade da Coruña e Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).

Colabora

CEIDA.

Relator

Fco. Javier Martínez Gil. Catedrático de Hidroxeoloxía na Universidade de Zaragoza.



Data

14 de abril de 2007.

Obxectivos

Coñecer as experiencias e inqúedanzas dos educadores ambientais, e comunicar os resultados e problemas do seu traballo. Pór de relevo as actividades, proxectos, programas e campañas de Educación Ambiental nas que traballan os educadores ambientais en Galicia. Debater e propoñer o papel que debería xogar o CEIDA dende a perspectiva dos educadores ambientais galegos.

Contidos

Proxecto Fénix. Fisterra pescando onde o solpor. Voluntariado xurdido da repercusión nos medios de comunicación de dúas catástrofes ambientais: Prestige 2002 e lumes 2006. ACAMPAGAIA. AMBIENTUM - ciencia, xuventude e medio ambiente. Ecovixías. Actividades de carácter educativo, interpretativo e medioambiental, dirixidas a un público variado. A experiencia persoal dunha educadora ambiental. As Corcerizas - centro de educación ambiental. I congreso de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia. Roteiro das algas na costa exposta de Ortigueira. Teatro e educación ambiental. Actividades de carácter educativo e medioambiental dirixidas a nenos e a maiores. A aposta para frear o cambio climático. CEIP Laredo - tres xeitos de vivi-lo mar. Alvarella Ecoturismo. Educación ambiental relacionada cos cetáceos e a biodiversidade. Radio e Revista CERNA. A Rede Galega de Equipamentos para a educación ambiental. Representación teatral dun fragmento de "contos para todo o ano" por Teatro Buratini. Conclusións.

Participantes

50 persoas.

Organiza

CEIDA.

Colabora

Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Relatores

Carlos Vales, director do CEIDA. **Lucía Iglesias**, presidenta da SGEA. **Fran Brea**, CEM. **Pablo Gamallo**, educador ambiental. **Felipe Díaz**, Dinamo. **Felisa Rei**, Hydria. **Paula Lubián e Cristina Gómez**, Amigos da Terra. **Beatriz Domínguez**, Aquavisión Galicia. **Sabela Abalo**, educadora ambiental. **Xulio López**, secretario do I congreso de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia. **Dolores Rubido**, Roteiros. **Pedro Brandaríz**, educador ambiental. **Raquel Padín e Cristina Aquín**, Aquarium Galicia. **Purificación Alfonso**, Ardora. **José Antonio García e Paula Pérez**, CEMMA. **Belén Rodríguez**, ADEGA. **Araceli Serantes**, profesora asociada no departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña.



Data

16 e 17 de abril de 2007.

Obxectivos

Reflexionar sobre a presión urbanística e a xestión do litoral galego. Dar unha visión da ordenación do litoral no conxunto do estado español facendo especial fincapé no litoral asturiano.

Contidos

O litoral: fonte de oportunidades e conflitos. Destrución a toda costa. A situación actual do litoral. A visión dos expertos. O patrimonio natural e construído do litoral galego. O papel das Administracións. O litoral asturiano e a súa ordenación. A ordenación do litoral en España.

Participantes

24 persoas.

Organiza

CEIDA.

Colabora

Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Universidade da Coruña.

Relatores

Xosé Luis Barreiro Rivas, profesor de ciencias políticas da Universidade de Santiago de Compostela. **Juan López de Uralde**, director executivo de Greenpeace. **Carlos Nárdiz Ortiz**, decano da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña. **Juan Freire**, profesor do departamento de bioloxía animal, bioloxía vexetal e ecoloxía da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña. **Plácido Lizancos Mora**, profesor do departamento de representación e teoría arquitectónica da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña. **José Javier Izquierdo Roncero**, Director General de Ordenación del Territorio y Urbanismo do Principado de Asturias. **Juan R. Acinas García**, profesor da área de enxeñaría e hidráulica da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña. **Carlos Vales Vázquez**, director do CEIDA. **Xosé Benito Reza Rodríguez**, Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Antonio García Elorriaga**, Director Xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. **Ramón Saúl Lueje Espina**, Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. **Celestino García Braña**, decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. **Ángel Muñoz Cubillo**, Subdirector General para la Gestión Integrada del Dominio Público Marítimo-Terrestre do Ministerio de Medio Ambiente.



Xosé Luis Barreiro, Plácido Lizancos, Juan López de Uralde e Carlos Vales durante a rolda de prensa



Ángel Muñoz e Celestino García na conferencia de clausura das xornadas





Data

19 de abril do 2007.

Obxectivos

Aprender a utilizar un composteiro individual e comprender o seu funcionamento.

Contidos

Introdución aos residuos sólidos urbanos. A materia orgánica nos residuos sólidos. A compostaxe a nivel individual. Práctica de triturado de restos vexetais e manexo do composteiro.

Participantes

17 persoas.

Organiza

CEIDA.

Colabora

Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA).

Relatores

José Álvarez Díaz, presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) e Javier Centeno Ameijeiras, enxeñeiro técnico agrícola.



Data

20 e 21 de abril de 2007.

Obxectivos

O obxectivo é a mellora na práctica da educación ambiental a través da relación cos animais que temos máis preto, a reflexión sobre a convivencia das especies en contornos modificados pola acción humana e as posibilidades dunha educación transformadora que aporte un novo punto de vista.

Contidos

A volta ao descubrimento dos “outros habitantes” que comparten co ser humano o hábitat urbano. A comunicación do traballo do relator cos indios Kunas de Panamá e a relación destes cos animais (os que consomen, cos que conviven, os que forman parte da súa mitoloxía, etc.) e a transferencia ao caso galego.

Participantes

15 asistentes.

Organiza

CEIDA.

Relator

Jorge Ventocilla, especialista en educación ambiental do Instituto de Investigaciones Tropicales Smithsonian de Panamá.



Jorge Ventocilla impartindo o obradoiro



Data

21 de abril de 2007.

Obxectivos

Dar unha visión da conservación da natureza como ferramenta para o desenvolvemento social e económico das poboacións locais. Presentar a Rede Natura como unha oportunidade de desenvolvemento así como a súa importancia na conservación da biodiversidade. Mostrar o turismo como unha oportunidade para conservar o patrimonio natural galego.

Contidos

Por que precisamos dos espazos protexidos?. A conservación dos espazos naturais galegos. A Rede Natura como oportunidade. Exemplos ibéricos. Exemplos europeos. O turismo, unha contribución ao desenvolvemento nos Espazos Naturais Protexidos. O reto da conservación do patrimonio natural galego. Grupo de traballo- a voz dos actores sociais. Redacción de conclusións.

Participantes

50 persoas.

Organizan


Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e CEIDA.

Colaboran

Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria.

Relator

Carlos Vales, director do CEIDA. **Xosé Benito Reza**, Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Javier Gómez-Limón**, de EUROPARC- España. **Miguel Castroviejo**, Conselleiro de Medio Ambiente da Representación Permanente de España na Unión Europea. **Rubén Camilo Lois**, Director Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria. **Pablo Ramil**, director do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural—IBADER. **Daniel López Vispo**, da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza – ADEGA.



Luis Costa, da Delegación na Coruña da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Javier Gómez-Limón, de EUROPARC- España. Na inauguración Carlos Vales, director do CEIDA, Luis Costa e Daniel Vispo, de ADEGA

Datas

26 de abril, 2, 8, 9 e 15 de maio.

Obxectivos

A busca de novas estratexias para achegar a educación ambiental ao sistema educativo formal.

Contidos

A crise ambiental. Posicións culturais e ideolóxicas. A base legal para a protección do territorio. A fotografía como ferramenta de aproximación á paisaxe. Comunicación de experiencias. Xornada de Avaliación.

Participantes

15 persoas.

Organizan

Centro de Formación e Recursos – CEFOR – da Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e CEIDA.

Relatores

Carmela García, proxecto polo Monte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. **Francisco Sónora**, proxecto Climántica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **José Francisco Serralle**, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. **Manuel Salgado**, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Carlos Vales**, director do CEIDA. **Xosé Abad**, fotógrafo, director de Revela. **María Rey**, profesora do IES Agra de Leborís (A Laracha). **Lois Rodríguez**, profesor do IES Punta Candieira (Cedeira) e membro do colectivo Lapis Verde. **Secundino García**, director do CEIP Mosteiro de Caaveiro (A Capela). **José Antonio Valverde**, asesor docente no CEIDA. **Araceli Serantes**, profesora de educación ambiental na Universidade da Coruña.



Data

3 de maio.

Obxectivos

Analizar as oportunidades e desafíos que Galicia debe afrontar para conservar e facer un uso sostible do seu medio forestal e encadrarlo dentro do contexto estratéxico europeo e mundial, con especial atención á actualidade na xestión forestal.

Contidos

Obxectivos e liñas de traballo no eido forestal do CEIDA. A nova política forestal de Galicia. Os sumidoiros de carbono. Bosques e Cambio Climático. Os bosques do mundo. Unha descrición da situación ecolóxica e social dos bosques e da importancia da participación na súa xestión. Un éxito de protección: a selva temperada de British Columbia, Canadá. Biocarburos. Tendencias e desafíos. Grupos de traballo: Posta en común dos distintos axentes e actores do sector forestal para analizar e propoñer liñas de traballo conxunto.

Participantes

37 persoas.

Organiza

CEIDA

Colaboran

Consellería do Medio Rural, Deputación da Coruña e Forests and the European Union Resources Network – FERN

Relatores

Alberte Blanco, Director Xeral de Montes e Industrias Forestais. **Carlos Vales**, director do CEIDA. **Jutta Kill** (Alemaña), coordinadora internacional de SinksWatch e membro do Forests and the European Union Resources Network - FERN. **David Young** (Reino Unido), director do programa de Monitoreo Forestal Independente de Global Witness. **Colleen McCrory** (Canadá), directora executiva de Valhalla Wilderness Society. Premiada co Global 500 da ONU, o Goldman Award e o premio Internacional Parks Merit da Unión Mundial para a Natureza - UICN. **Tamra Gilbertson** (EE.UU), membro do Transnational Institute - TNI, galaradaada co Young Fellowship Programme. **Maria Rydlund** (Suecia), membro do Carbon Trade Watch.

Alberte Blanco, Director Xeral de Montes e Industrias Forestais e Carlos Vales, director do CEIDA na presentación das xornadas



Data

16 de xuño.

Obxectivos

Dar resposta á curiosidade do mergullador recreativo no relativo aos vestixios de culturas precedentes que se atopan no fondo do mar e canalizar esa curiosidade dun xeito responsable cara ao estudo e protección do patrimonio cultural somerxido.

Achegarlle ao mergullador recreativo canles de información científicas e rigorosas no relativo aos prezos, vestixios e outros potenciais achados.

Proporcionar pautas de actuación que fagan do mergullador afeccionado un respectuoso axente da protección do patrimonio cultural.

Convivencia entre mergulladores e achegamento a un eido cheo de fascinación, interese cultural e inquedanzas científicas.

Contidos

O patrimonio cultural somerxido. A arqueoloxía subacuática en Galicia, tesouros afundidos: mito e realidade. Preservación e conservación do patrimonio cultural so-

merxido. O mergullador recreativo e a arqueoloxía. Visita ao Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de Santo Antón. Inmersión.

Participantes

86 persoas.

Organizan

Buceo Galicia, Confederación Mundial de Actividades Subacuáticas – CMAS, Federación Galega de Actividades Subacuáticas - FEGAS, Clube O Grelle e CEIDA.

Colabora

Museo arqueolóxico e histórico Castelo de San Antón.

Relatores

Manuel Martín Bueno, presidente do Comité científico da Confederación Mundial de Actividades Subacuáticas e catedrático de arqueoloxía da Universidade de Zaragoza. **Miguel San Claudio Santa Cruz**, arqueólogo, responsable da sección de arqueoloxía da Federación Galega de Actividades Subacuáticas. **Julio Amaré Tafalla**, da Universidade de Zaragoza e instructor de mergullo científico confirmado CMAS.



Data

1 de xullo.

Contidos

Reunión formal e presentación de relatorios científicos e de conferencias dos membros do Proxecto IGCP 497. No proxecto participan xeólogos europeos e norteamericanos que traballan nas universidades de Canadá, Estados Unidos, México, Reino Unido, España, Francia, Alemaña, República Checa, Bélxica, Rusia, Polonia e Turquía. O Proxecto IGCP 497 enmárcase dentro do programa IGCP da UNESCO que intenta que a comunicación entre científicos de distintos países sexa máis fluída.

Participantes

54 persoas.

Organizan

Ministerio de Educación y Ciencia, Instituto Geológico y Minero de España, Instituto Universitario de Xeoloxía - Isidro Parga Pondal, Museos Científicos Coruñeses, Universidade da Coruña, Universidad Complutense de Madrid, Universidad de Salamanca, Universidad de Oviedo, Planetearth e CEIDA.



Ricardo Arenas, da Universidade Complutense de Madrid e Juan Ramón Vidal Romani, da Universidade da Coruña



Datas

Do 19 ao 21 de setembro.

Obxectivos

Analizar as principais estratexias de comunicación para implicar a sociedade na conservación das especies en perigo de extinción.

Contidos

A xestión das especies. A percepción social e especies ameazadas. Valoración da análise da percepción, uso dos estudos de percepción na xestión. Especies en perigo e actores sociais. Como abordar o conflito social dende a conservación. Os usos do territorio. Programas, campañas e métodos.

Participantes

54 persoas.

Organizan

Comisión de Educación y Comunicación da Unión Mundial para a Conservación da Natureza - UICN e CEIDA.

Patrocina

Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

Relatores

Susana Calvo e **Javier Benayas**, da Comisión de Educación y Comunicación da UICN. **Carlos Vales**, director do CEIDA. **Xosé Benito Reza**, Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Borja Heredia**, da Dirección General de Biodiversidad do Ministerio de Medio Ambiente. **Elisa Barahona**, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. **Jorge Bonache**, técnico de Uso Público do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. **Irene Pérez**, do departamento de Biología Aplicada da Universidad Miguel Hernández (Murcia). **Antón Lois**, da Sociedade Galega de Educación Ambiental. **José Luis García**, da Fundación Oso Pardo. **Ignacio Molina**, da Junta de Castilla y León. **Beatriz García**, da Sociedade Española de Ornitología - SEO/ Birdlife. **Raúl García**, de WWF/ Adena. **Matilde Cabrera**, do departamento de Medio Ambiente do Gobierno de Aragón. **Silvia Saldaña**, de Empresa de Gestión Medioambiental, S.A. - EGMASA. **Alfredo López**, da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños - CEMMA. **Ricardo de Castro**, da Consejería de Medio Ambiente da Junta de Andalucía. **Juan Jesús Martín**, da Aula del Mar de Málaga.

Participantes do seminario. Javier Benayas, da Comisión de Educación y Comunicación da UICN.



Datas

Dúas edicións. 28 e 29 de novembro.

Obxectivos

Dar a coñecer a Axenda 21 Local como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico e participación cidadá.

Contidos

As axendas 21 locais nos concellos: unha oportunidade para o desenvolvemento local dende a participación social. A xestión enerxética nas administracións locais. Os sistemas de xestión ambiental no ámbito municipal. Obradoiro: diagnose e análise das necesidades formativas en temática ambiental nos concellos.

Participantes

O día 28 de novembro asistiron 21 persoas de concellos que son Núcleo de Sustentabilidade das provincias da Coruña e Lugo. O día 29 participaron 22 persoas de concellos que non son Núcleo de Sustentabilidade das provincias da Coruña e Lugo.

Manuel Salgado, Xefe do Servizo de Educación para a Sustentabilidade da Consellería de Medio Ambiente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Organizan

Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e CEIDA.

Relatores

Xabier Vázquez Pumariño, Habitaq - Desenvolvemento Sostible Consultores. **Bernardo J Parajó Calvo**, director da Axencia da Enerxía de Vigo. **Felipe Barro Casas**, Serumano Ingeniería Ambiental. **Manuel Salgado Blanco**, Xefe do Servizo de Educación para a Sustentabilidade da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Sonia Villanueva Vázquez**, Xefa do Servizo de Promoción da Sustentabilidade da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Verónica Campos García**, responsable de formación para municipios no CEIDA.

Carlos Vales, director do CEIDA, Emilio Fernández, Director Xeral de Desenvolvemento Sostible e Manuel Tajés, Delegado na Coruña da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na inauguración das xornadas.



O CEIDA celebrou durante o ano 2007 unha gran cantidade de actividades na súa propia sede, o emblemático Castelo de Santa Cruz, situado no concello coruñés de Oleiros. Este é un equipamento excepcional para apostar polo CEIDA como un centro de referencia para a educación ambiental de Galicia, aproveitando, ademais, o potencial práctico e simbólico do Castelo e a Illa de Santa Cruz.

Centos de educadores e educadoras ambientais, ecoloxistas, guías e informadores turísticos, persoal técnico e axentes de concellos de toda a comunidade galega, profesores de secundaria e universitarios, representantes e traballadores do sector pesqueiro, xestores de parques, documentalistas, estudantes, entre outros perfís asistiron ás actividades organizadas pola área de formación do CEIDA. Os medios de comunicación autonómicos, comarcais e locais foron unha canle para a difusión destas xornadas, cursos, seminarios,... Así, unha porcentaxe dos asistentes declararon na valoración que coñeceron a actividade a través dalgún medio de comunicación grazas ás convocatorias, notas e breves publicados e na prensa e anunciados na radio nos días previos á actividade.

[La Voz de Galicia](#) e [La Opinión de A Coruña](#), xornais de maior difusión na cidade e comarca coruñesa segundo os datos do Estudio General de Medios – EGM -, foron os dous medios escritos que publicaron as notas de prensa editadas pola área de comunicación do CEIDA.

Novas por actividades

O curso de Interpretación para a conservación dos espazos naturais protexidos que tivo lugar no primeiro trimestre do ano, do 28 ao 2 de marzo, apareceu en pequenas notas na sección de Oleiros de [La Opinión de A Coruña](#) e na [Área Metropolitana](#) de [La Voz de Galicia](#), ambos o 24

de febreiro de 2007. Días máis tarde, o 15 de marzo, nas páxinas de local de [La Voz de Galicia](#) e de [La Opinión de A Coruña](#) anunciouse a actividade que tivo lugar ao día seguinte no Castelo de Santa Cruz: a presentación do libro *O tempo dos ríos* e a conferencia *A Auga e os ríos* do sistema educativo ante a nosa cultura da auga.


O cartel de relatores que asistiron ás xornadas de Reflexión e debate sobre a xestión do litoral, celebradas no mes de abril, foi de grande interese para os medios de comunicación de referencia. Nestas xornadas participaron máis de cincuenta educadores ambientais procedentes de toda Galicia onde, baixo un enfoque globalizador, se falou da situación das costas galegas. Ademais das notas previas, o primeiro día da xornada Juan Freire, Xosé Luis Barreiro, Plácido Lizancos, Juan López de Uralde e Carlos Vales ofreceron unha rolda de prensa para explicar a situación actual que se vive en Galicia. [El Correo Gallego](#) abriu con esta nova a cinco columnas unha das páxinas da [sección de Galicia](#) do 17 de abril de 2007 baixo o titular “Greenpeace alerta de las licencias en el litoral y ve riesgo de marbellización”. [La Voz de Galicia](#) titulou “Greenpeace coloca a Galicia a la cabeza de España en la destrucción del litoral”, nunha nova secundaria a tres columnas. [La Opinión de A Coruña](#) apostou por entrevistar a un dos relatores da xornada, Juan Ramón Acinas, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, que declarou: “Nos estamos cargando la costa gallega, rotundamente”.

O curso impartido pola Sociedade Galega de Medio Ambiente – Sogama – entre os traballadores do CEIDA tamén foi recollido polos medios de comunicación con titulares como “El CEIDA acoge una jornada sobre reciclaje de residuos domésticos” ([La Opinión de A Coruña](#), 19 de abril de 2007).

O futuro dos bosques. Oportunidades e desafíos foi unha xornada que tamén saíu publicada en distintos medios. Esta actividade reuniu na Illa de Santa Cruz a máis de cincuenta activistas internacionais. [La Opinión de A Coruña](#) publicou o 28 de xuño na sección de Oleiros a información sobre a Conference International Program IGCP 497, cofinanciada pola Unesco, onde se explica o encontro no que se reuniron, o día 1 de xullo, un bo número de especialistas internacionais en xeoloxía.

José Luis García Lorenzo, Presidente de Greenpeace España e coordinador de proxectos da Fundación Oso Pardo, foi entrevistado en diferentes medios de comunicación - prensa e radio - durante a súa visita ao Castelo de Santa Cruz, con motivo do Seminario Instrumentos sociais para a conservación de especies, organizado polo CEIDA e a UICN - Unión Internacional para a Conservación da Natureza -. A sección de [Sociedade](#) de [La Voz de Galicia](#) publicou unha entrevista o 22 de setembro coas declaracións de José Luis García "Seguir con el mismo nivel de depredación del territorio es totalmente insostenible". O [Diario Qué!](#) publicou a entrevista a José Luis García co título "Coruña está haciendo un superpuerto sin necesidad", onde se fai unha análise da situación ambiental galega. Os medios de comunicación dixitais, como [Xornal.com](#), difundiron o evento.

Finalmente, os medios tamén recolleron a xornada formativa sobre a Búsqueda da sustentabilidade dende os concellos, que tivo lugar no Castelo de Santa Cruz, o 29 de novembro. O evento cubriuno [El Ideal Gallego](#), que titulou "Los expertos vinculan las actividades energéticas con el efecto invernadero". Xornada inaugurada polo Director Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.



Sociedad

Sábado, 22 de septiembre del 2007 | 7

La Voz de Galicia

ENTREVISTA | **JOSÉ LUIS GARCÍA LORENZO**
Presidente de Greenpeace

«Seguir con el mismo nivel de depredación del territorio es totalmente insostenible»

R. Romar

REDACCIÓN | José Luis García Lorenzo, presidente de Greenpeace en España y coordinador de proyectos de la Fundación Oso Pardo, ha participado esta semana en el seminario sobre instrumentos sociales para la conservación de especies organizado en el castillo de Santa Cruz (Oleiros) por el Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida). En su estancia en Galicia ha conocido la decisión de la Xunta de frenar una urbanización en un monte por creírla insostenible, algo que considera una «muy buena noticia».

—¿Sabe que ha sido la primera paralización en Galicia por motivos ambientales?

—Y esperemos que no sea la última. Creo que ha sido una buena decisión de la Xunta y esperamos que siga en la misma línea. Está claro que no podemos seguir con el mismo nivel de depredación del territorio, porque es algo totalmente insostenible.

—El Congreso también ha iniciado esta semana la tramitación de la ley de biodiversidad, que blindará las superficies protegidas ante cualquier intento de especulación urbanística. ¿Es el camino?

—En espacios como los de la Red Natura es necesario compatibilizar el desarrollo económico y social con el de la conservación del medio. Esta es una filosofía que se debe tomar muy en serio y que no se debe pervertir, porque seguimos con un espíritu depredador de los recursos. Por ello, cualquier medida que esté a favor de la preservación del territorio va en la línea correcta.

—Otro desafío actual es el cambio climático. ¿Pero cree que los ciudadanos han tomado conciencia del problema o aún no?

—Se ha avanzado mucho y la gente está cada vez más informada. Ahora bien, el siguiente



García Lorenzo reclama una política ambiental valiente | ROMAR

te paso después de la concienciación es la acción. Y aquí es donde debe intervenir el propio ciudadano con su comportamiento responsable. Cada vez pasa más tiempo y, como no actuemos rápidamente, el cambio climático ya no tendrá remedio.

—¿Y la Administración?

—Se ha perdido mucho tiempo. Se tenían que haber tomado medidas de principio que no se tomaron y las que se adoptan ahora son muy débiles. Hay que actuar, ser más atrevido e ir más allá del Protocolo de Kioto. Hay que fomentar más la eficiencia energética, la gestión del ahorro y las energías renovables. Tenemos que romper con la creencia de que a mayor progreso mayor consumo. Hay que pensar en lo contrario: tener aire limpio, poder bañarse en un mar sano... Eso sí es crecimiento y progreso.

—¿Podemos ser autosuficientes solo con renovables?

—Sí, el estudio que encargamos así lo demuestra. Todo el territorio español, al igual que Galicia, puede ser completamente autosuficiente, e incluso daría para exportar energía.

—¿Qué falta entonces?

—Voluntad y valentía política para romper con la línea cómoda de seguir con lo de siempre. Necesitamos políticos valientes y también una sociedad valiente y responsable en todos los órdenes.

Qué! nos cuenta...

LUNES 24
SEPTIEMBRE DE 2007José Luis García Lorenzo
Presidente de Greenpeace

"Coruña está haciendo un superpuerto sin necesidad"

José Luis está al frente en España de una de las organizaciones ecologistas de mayor renombre mundial: Greenpeace, además de formar parte de la Fundación Oso Pardo.

¿Qué le sorprende de Coruña? Que con el tamaño que tiene no depure sus aguas y que esté construyendo un superpuerto sin que haya necesidad alguna.

Y del litoral...

No hay derecho a hacer lo que están haciendo con el litoral. Galicia tiene una línea costera bien conservada, pero el empuje de las promotoras...

¿Notas una mayor conciencia ambiental en la gente?

La sociedad está más concienciada a todos los niveles. El Prestige fue un buen ejemplo de movilización social. De todas formas se avanza muy lentamente en conseguir la implicación de la gente de a pie.

¿Cómo afectaron el Prestige y los incendios forestales?

Muy negativamente. Se cargaron toda la vida biológica, son daños irreparables y aún así permitimos que haya pequeños "Prestige" todos los días.



José Luis García Lorenzo en el castillo de Santa Cruz, en Oleiros.

Es coordinador de proyectos en la Fundación Oso Pardo. Dejará la presidencia de Gre-

enpeace en el mes de marzo. Estuvo en el Ceida en un encuentro de conservación ambiental.

Greenpeace alerta de las licencias en el litoral y ve riesgo de marbellización

MEDIOAMBIENTE ▶ Especialistas debaten en el Ceida medidas de futuro para la costa
▶ Los expertos buscan trabajar en un enfoque global para corregir la actual destrucción

ALBERTO MARTÍNEZ • A CORUÑA



Desde la izquierda, Juan Freire, Xosé Luis Barreiro, Plácido Lizancos, Juan López de Uralde y Carlos Vales

El director ejecutivo de Greenpeace España, Juan López de Uralde, aseguró ayer que lo acaecido hace años en el Mediterráneo con la urbanización del litoral está sucediendo ahora en las rías gallegas. López de Uralde afirmó que, según sus fuentes, se aprobaron la construcción de 300.000 a 600.000 licencias de viviendas, y ya están proyectados 17 campos de golf y 24 puertos deportivos. El responsable del grupo ecologista indicó que la situación del litoral

gallego muestra una "tendencia muy grave", que viene dada por "una política puramente especulativa en un contexto en el que el crecimiento demográfico prácticamente en Galicia es pequeño".

"Entendemos que esto no es sostenible", indicó, para añadir que "hemos pasado de una marea negra en pocos años a una marea de cemento, con los riesgos asociados que conlleva". López de Uralde participó en unas jornadas de reflexión del Centro de extensión universitaria de di-

EL DATO

40 especialistas

▶ En las *Xornadas de reflexión e debate sobre a xestión do litoral* participan cuarenta educadores especializados en el medioambiente que proceden de diversos puntos de Galicia. Hoy habrá una mesa redonda sobre el papel de las administraciones y la conferencia sobre la ordenación del litoral en España ■

vulgación ambiental de Galicia (Ceida), en las que intervinieron, además Plácido Lizancos, decano de la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de la UDC; Xosé Luis Barreiro Rivas, profesor de Ciencia Política de la USC; Juan Freire, profesor del departamento de Biología Animal, Vegetal y Ecología de la Facultad de Ciencias de la UDC, y Carlos Vales Vázquez, director del Ceida.

Plácido Lizancos, partiendo de la base "da situación calamitosa da costa, que é imparábel a día de hoxe", abogó por "identificar os axentes que desencadenaron a destrución: arquitectos, políticos, urbanistas, compradores, usuarios, banca, e o papel que tiveron neste proceso".

En su opinión, "a destrucción da costa de Galicia é consecuencia da acción cotiá dos 2.750.000 galegos", y propuso "ante a dispersión das competencias, a creación dun ente superior que se encargue da reconstrución de Galicia".

Corregir el desastre ambiental

Xosé Luis Barreiro fue crítico con la situación, pero propuso corregirla con coherencia y sin medidas drásticas. Contó que hace poco un especialista de la ONU contrapuso la situación en la costa de Valencia con la actuación sobre un estuario para construir Nueva York, lo que fue una decisión para construir una gran ciudad, mientras que en Cullera no hay proyecto.

"Se queremos salvar a costa non queda outra que recoñecer os feitos urbanos que hai nela", manifestó Xosé Luis Barreiro, quien consideró que "no litoral de Galicia estase asentando unha gran cidade e hai que ser conscientes delo. Non vai ser posible una idílica costa nin que ao final a cidade sexa ben feita".

Juan Freire incidió en los problemas medioambientales solicitando ejemplos de buenas prácticas, mientras Carlos Vales recordó que el Ceida sigue contribuyendo a la reflexión social.

LAS CLAVES

Los ecologistas dan datos desde 2001

▶ Greenpeace realiza desde 2001 un informe anual denominado *Destrucción a toda costa*, en el que se advierten las graves tendencias en toda España, pero su director ejecutivo incidió ayer en que Galicia fue en 2006 la autonomía donde más se produjo el bum de la destrucción del litoral.

Autonomía escorada hacia sus costas

▶ Xosé Luis Barreiro declaró que es cierto que hay un gran desastre en los asentamientos urbanos costeros, pero argumentó que las líneas de decisión demográfica de Galicia presionan sobre ese litoral, y por ello hay que ser conscientes para que su organización se realice lo mejor posible.

La nueva ley debe ordenar el territorio

▶ Sobre la futura ley gallega de preservación de nuestro litoral, Xosé Luis Barreiro opinó que "se ordena o territorio será positiva". Mientras, Juan López de Uralde aseveró que la comunidad autónoma "debe seguir el ejemplo de Asturias porque el mayor recurso de Galicia es su litoral".

Unas jornadas interdisciplinares

▶ Las jornadas del Ceida concluyen hoy en el castillo de Santa Cruz, en la localidad de Oleiros. En ellas han participado expertos de diversos ámbitos para buscar un enfoque globalizador sobre la situación y soluciones para la costa gallega ■

Datas

20 e 27 de outubro, 10, 17 e 24 de novembro e 1 de decembro do 2007.

Lugar

Biblioteca municipal. Concello de Vedra.

Obxectivos

Dar a coñecer técnicas adecuadas para levar a cabo traballos de educación ambiental e interpretación do patrimonio e potenciar o coñecemento dos recursos da zona.

Contidos

Educación ambiental. Rede Natura 2000 e o Sistema Fluvial Ulla- Deza. Visita ao Ulla- Deza. Interpretación do

patrimonio. Visita ao CEIDA. Visita á Aula do Mar: centro de recepción de visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes (Oleiros).

Participantes

22 asistentes.

Organizan

Concello de Vedra e CEIDA.

Relatores

Andrés Burgos Delgado, Verónica Campos García, Sonia Pazos Vieiro, Rebeca Vázquez Vázquez, educadores ambientais do CEIDA.



Datas

Dúas edicións. 26 e 27 de novembro.

Lugar

Reitoral de Santa Mariña. Covelo. Pontevedra.

Obxectivos

Dar a coñecer a Axenda 21 Local como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico e participación cidadá.

Contidos

As axendas 21 locais nos concellos: unha oportunidade para o desenvolvemento local dende a participación social. A xestión enerxética nas administracións locais. Os sistemas de xestión ambiental no ámbito municipal. Obradoiro: diagnose e análise das necesidades formativas en temática ambiental nos concellos.

Participantes

O número de asistentes á xornada do día 26 de novembro foron 14 persoas pertencentes a concellos que son Núcleo de Sustentabilidade das provincias de Ourense e Pontevedra. O día 27 asistiron 32 persoas de concellos de Ourense e Pontevedra que non son Núcleos de Sustentabilidade.

Organizan

Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e CEIDA.

Relatores

Xabier Vázquez Pumariño, Habitaq - Desenvolvemento Sostible Consultores. **Bernardo J. Parajó Calvo**, director da Axencia da Enerxía de Vigo. **Felipe Barro Casas**, Serumano Ingeniería Ambiental. **Manuel Salgado Blanco**, Xefe do Servizo de Educación para a Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Sonia Villanueva Vázquez**, Xefa do Servizo de Promoción da Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Verónica Campos García**, responsable de formación para municipios no CEIDA.



Ademais das actividades formativas propias, o CEIDA colaborou ao longo do 2007 con iniciativas formativas doutras entidades, tanto públicas como privadas, dentro e fóra do país. Colaborouse en distintos actos na provincia da Coruña (en Betanzos e Santiago de Compostela), no Estado (Sevilla e Santa Cruz de Tenerife) e fóra do Estado (na República africana de Cabo Verde).

Jornadas de la asociación para la interpretación del patrimonio: uso público en espacios naturales protegidos y difusión del patrimonio cultural

Datas

8 e 9 de marzo.

Lugar

Instituto andaluz de Patrimonio Histórico. Isla de la Cartuja. Sevilla.

Organiza

Asociación para la Interpretación del Patrimonio – AIP.

Colabora

CEIDA.



Xornadas da paisaxe cultural do noroeste

Datas

27 e 28 de abril.

Lugar

Edificio do Liceo. Betanzos.

Organiza

Concello de Betanzos.

Colabora

CEIDA.

Introdución á interpretación do patrimonio e pautas para o deseño de itinerarios guiados.

Datas

Do 11 ao 13 de setembro.

Lugar

IES Monte de Conxo. Santiago de Compostela.

Organiza

Centro de Formación e Recursos de Santiago de Compostela da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Colabora

CEIDA.

IV seminario de equipamientos para la educación ambiental

Datas

Do 3 ao 6 de outubro.

Lugar

Albergue de Bolico. Santa Cruz de Tenerife.

Organiza

Centro Nacional de Educación Ambiental – CENEAM do Ministerio de Medio Ambiente.

Colabora

CEIDA.





The image features a central horizontal band with a light green background, overlaid with a pattern of stylized green leaves of various shapes and sizes. This band is flanked by solid green areas at the top and bottom.

Programas de educación ambiental

Un programa anual de educación ambiental dedicado á conservación e ao uso sustentable do mar.

Organiza

CEIDA

Patrocina

Deputación da Coruña

A costa galega, a pesar das presións que a ameazan (urbanismo agresivo, vertidos incontrolados, sobreexplotación de recursos, destrución de hábitats...), ten un interese natural moi destacado. Son moitos os espazos litorais e mariños de elevado valor ecolóxico que cómpre protexer de xeito especial. Na actualidade, un total de 28 espazos naturais costeiros gozan de protección legal, algúns ben coñecidos como o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas ou a Costa da Morte.

A Costa de Dexo - Serantes, situada no Concello de Oleiros, é un deses espazos protexidos. Declarada Monumento Natural e incluída na Rede Natura 2000, representa un lugar de grande importancia ecolóxica, tanto pola singularidade dos ecosistemas como pola xeomorfoloxía e paisaxe.

Foi este o espazo elixido para desenvolver o programa **o mar e a costa, recursos valiosos para todos**, que tivo lugar durante o 2007. Esta actividade pretendeu dar a coñecer os valores naturais e culturais da costa galega co fin de que os participantes adquirisen actitudes e comportamentos cara á conservación. Con este programa, o CEIDA ensinou a analizar as causas, os efectos e os axentes involucrados nas problemáticas ambientais; así como concienciou aos asistentes dos valores naturais e culturais da beiramar e descubriulles as potencialidades que, para un desenvolvemento local sustentable, ten a declaración dun espazo protexido.

O mar e a costa, recursos valiosos para todos destínouse a centros de ensino de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e superior, ademais de asociacións e outros colectivos. Adaptados á demanda do grupo visitante, desenvolvéronse tres actividades dentro deste programa. A primeira delas foron os roteiros polo Monumento Natural Costa de Dexo - Serantes, que se converteron nunha actividade onde apreciar valores naturais - aves mariñas, flora dos cantís, formacións xeolóxicas peculiares...- e patrimoniais - castro, muíño, igrexa románica.... Os educadores ambientais do CEIDA tamén fixeron visitas guiadas ao centro de recepción de visitantes Aula do mar, que alberga unha exposición permanente sobre os valores



da costa na antiga vivenda do fareiro. Por último, o descubrimento do intermareal foi a actividade perfecta para coñecer as condicións extremas impostas polas mareas que derivan en adaptacións nos seres que aí viven.

Nos meses de abril a xuño, as actividades do programa adaptáronse á comunidade xorda a través dunha intérprete de Lingua de Signos. Tratouse, de xeito experimental, de darlle un primeiro pulo á educación ambiental entre o colectivo de persoas xordas, unha iniciativa de integración e igualdade.

Un total de 2243 asistentes, de 75 centros, participaron durante 2007 no programa.

O 2007 é o cuarto ano no que se leva a cabo este programa no, que de forma continúa, se actualizan os contidos, actividades e obxectivos tendo en conta a avaliación e suxestións dos participantes. A valoración deste ano foi moi positiva.



En Oleiros sitúase o Monumento Natural Costa de Dexo – Serantes, un enclave natural incluído na proposta da Rede Natura 2000 cun notable estado de conservación que percorre toda a franxa norte do municipio, dende os Faros de Mera ata o Porto de Lorbé.

En outubro de 2005, o concello de Oleiros inaugurou a actual **Aula do Mar** logo de transformar a antiga casa do fareiro de Mera e tendo en conta que a súa situación a converte en ideal para recibir os visitantes do Monumento Natural.

A **Aula do Mar: centro de recepción de visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo – Serantes** convértese nun equipamento de educación ambiental situado nun Espazo Natural Protexido que, a pesar da gran densidade de poboación humana dos seus arredores, acolle especies de gran valor.



O visitante que se achega a aula pode ver a exposición interpretativa permanente sobre o valor ecolóxico e cultural da costa galega, asomarse ao miradoiro para observar aves ou a impresionante paisaxe e tamén atopar información sobre os valores naturais e patrimoniais do espazo natural, dos roteiros que pode facer e das condutas aconsellables no contorno.

O CEIDA colaborou ao longo do 2007 proporcionando o apoio técnico que permitiu manter a **Aula do Mar** aberta de forma permanente. Un total de 12.137 persoas visitaron o equipamento dende xaneiro ata decembro, ás que hai que engadir 1.706 persoas máis que participaron nas actividades guiadas á **Aula do Mar** dentro do programa de educación ambiental 'O mar e a costa, recursos valiosos para todos' do CEIDA. O visitante tipo do centro é unha muller de 20 a 30 anos, estudante ou con estudos universitarios, cun nivel de ingresos de 10.000 a 20.000 euros anuais, que visita o equipamento en familia no seu tempo de lecer, usou o coche para chegar a el e que valor, sobre todo, o servizo de información do centro.

Celebración do Día Mundial do Medio Ambiente
O 5 de xuño celébrase o Día Mundial do Medio Ambiente. No 2007, este día caeu nun laborable. Por este motivo, o CEIDA decidiu trasladar a celebración ao domingo 10 de xuño para que o público puidese participar na xornada de portas abertas da **Aula do Mar** e a Costa de Dexo-Serantes. Da aula partiron, durante todo o día, visitas ao Monumento Natural guiadas por educadores ambientais. Un total de 63 persoas participaron nas visitas durante esta singular xornada.



Os medios de comunicación cumpriron coa súa labor de convocatoria e foron unhas das principais canles usadas polo CEIDA para anunciar a xornada de portas abertas da Aula do Mar. Os periódicos rexionais, *La Voz de Galicia* e *La Opinión de A Coruña*, anunciaron esta actividade os días previos á súa celebración con titulares como “El CEIDA invita a conocer el Aula del Mar el Día del Medio Ambiente” (publicado en *La Opinión de A Coruña* o 2 de xuño de 2007 nas páxinas de Oleiros). *La Voz de Galicia* avisaba aos seus lectores da convocatoria a través de apartados como “*Tablón de anuncios*” ou “*Oferta de ocio*”, os días 8 e 10 de xuño de 2007. Nos programas locais dalgúns radios autonómicas e municipais tamén se anunciou esta actividade destinada a todo tipo de público.



O CEIDA organizou o I congreso de educación ambiental dos centros educativos da Coruña co lema “Defendamos o noso patrimonio natural” baixo o patrocinio da Deputación da Coruña e a colaboración da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o Concello de Oleiros e os supermercados Haley.

O 10 de maio foi a data escollida para que máis de catrocentos alumnos de centros de ensino da provincia da Coruña se reuniran no auditorio de Mera (Oleiros) e expuxesen os traballos que, coordinados polos seus respectivos profesores, realizaron durante todo o curso escolar. Foron oito os centros de ensino participantes: IES Agra de Leborís do concello da Laracha, IES Francisco Aguiar de Betanzos, IES Maximino Romero de Lema do concello de Zas, IES Xosé Neira Vilas de Oleiros, IES Manuel Murguía de Arteixo, IES Miraflores de Oleiros, CEE Carmen Polo de Ferrol e IES Mosteirón de Sada.

O congreso naceu co obxectivo de promover entre os centros educativos o desenvolvemento de experiencias de conservación e divulgación do patrimonio e para poñer en contacto as diferentes comunidades escolares dándolle espazo á voz do alumnado a través da divulgación do seu traballo.

Os proxectos

Os alumnos do **IES Agra de Leborís** expuxeron o día do congreso o seu traballo **Baldaio, un espazo natural excepcional**. Situado na comarca de Bergantiños, Baldaio é un humidal costeiro conformado por praia, dunas e unha lagoa – marisma, cunha elevada biodiversidade, interese xeolóxico, paisaxístico, recreativo, e científico ademais dunha potencial ferramenta de desenvolvemento local compatible coa conservación.

Os alumnos de 2º da ESO reuníronse para debater que lles interesaba coñecer e transmitir do espazo natural. Para coñecelo entrevistaron a persoas e colectivos con intereses directos sobre Baldaio (veciños, mariscadoras, grupos ecoloxistas, concello de Carballo, etc.) e tamén desenvolveron cuestionarios dirixidos á poboación local. Para transmitir os valores naturais, as agresións ao espazo e como implicarse na mellora e conservación do espazo natural, elaboraron unha exposición que amosa os valores naturais e un xogo.

Unha experiencia dobre de educación ambiental foi o proxecto presentado polo **IES Francisco Aguiar**. Dous grupos deste instituto presentaron os seus traballos no congreso escolar. O primeiro grupo centrouse no espazo natural Monte do Gato, unha formación rochosa situada no Golfo Ártabro entre os Concellos de Oza dos Ríos e Coirós, moi preto do seu centro. Para coñecelo os alumnos traballaron a topografía da zona na aula e visitaron o espazo natural, recollendo as súas impresións para perfilar as ideas clave nas que basear un proxecto de xestión para Monte no que primou a busca dunha rendibilidade para a poboación local xunto coa conservación da riqueza natural.

O traballo do segundo grupo centrouse na análise de viñetas de Andrés Rábago, El Roto, un debuxante que reflicte a realidade social con fins críticos. Os alumnos chegaron á conclusión de que destruíndo a natureza só estamos destruíndo a especie humana.

A defensa dos Penedos de Traba e Pasarela: unha experiencia de educación ambiental dende a escola foi o traballo presentado polos alumnos do **IES Maximino Romero de Lema**, un proxecto consistente no estudo dos valores paisaxísticos, biolóxicos, xeolóxicos e etnográficos dos Penedos que se sitúan a uns quilómetros do seu centro escolar e que levan anos ameazados polo proxecto de instalación dunha canteira que pretende convertelos en grava para facer estradas.

O alumnado implicado decidiu elaborar un vídeo documental “O tempo gran escultor”, no que, utilizando como eixo central un roteiro, se sintetizou a información recompilada a través de bibliografía, entrevistas, enquisas, etc.

O **IES Xosé Neira Vilas** presentou o a súa iniciativa **A ría do Burgo: explotación de recursos e impactos**. Esta ría tivo historicamente un aproveitamento marisqueiro que nos últimos tempos sofre unha crise agravada polo furtivismo. Esta situación afecta directamente ás persoas dedicadas ao marisqueo e tamén, indirectamente, á poboación de Perillo (Oleiros).

O proxecto consistiu na busca de información para coñecer a ría, o seu banco marisqueiro, a evolución das capturas, os impactos do furtivismo e do recheo da praia e os efectos da contaminación urbana, realizáronse visitas aos bancos marisqueiros para coñecer as formas de marisqueo, a técnica de semicultivo de ameixa fina e os traballos de rexeneración da ría e tamén saídas para a



recollida de mostras (auga e lodos) para realizar análíticas no laboratorio do instituto.

Os alumnos concluíron que os problemas de contaminación seguen sendo importantes a pesar de que un plan de saneamento está reducindo os niveis, que os vertidos ocasionais provocan danos económicos ao marisqueo. Aínda así, a produción marisqueira segue sendo importante nesta ría tan pequena e urbanizada.

Procedementos e resultado do estudo do río Arteixo foi o proxecto presentado polo IES Manuel Murguía Proxecto Ríos. Coordinado pola asociación ADEGA, consistiu en controlar a calidade do río Arteixo ou Bolaños que pasa por diante do centro de ensino.

Determináronse os parámetros físico – químicos (pH, temperatura, concentración de nitratos, turbidez da auga co disco Secchi, velocidade e profundidade das augas) e a calidade das augas utilizando bioindicadores, os escollidos foron os invertebrados. Identificáronse un total de 5 tipos de bioindicadores que sitúan ao río Bolaños nun nivel de calidade 3 (nunha escala do 1 ao 5).

Realizáronse medicións noutros ríos (Eume, Anllóns, etc.) para comparar os datos obtidos, ademais de dúas maquetas do concello de Arteixo amosando o relevo do territorio e que se empregarán no futuro para localizar muíños, lavadoiros, pontes, etc.

Canta auga gastamos? foi o segundo proxecto co que o IES Manuel Murguía participou no congreso. Cada estudante realizou na súa casa un estudo do consumo de auga



por persoa e día e como conclusión evidente os alumnos sinalaron o gran consumo que supón un exceso de permanencia na ducha e a necesidade de adoptar hábitos que permitan un aforro deste ben fundamental.

○ IES Miraflores realizou un **Inventario de vexetación de Punta Purrido (Monumento Natural Costa de Dexo – Serantes)**. O proxecto levouse a cabo entre saídas á zona e traballo de laboratorio. Os alumnos conclúen que a vexetación en Punta Purrido é agás na zona de rocha e na zona de arredor, vexetación secundaria debido ao uso agrícola. Hoxe son matogueiras de toxo e uz rozadas periodicamente e zonas arboradas repoboadas con eucalipto e algún piñeiro. Por debaixo destas xorden espontaneamente algunhas das especies do ecosistema primario: loureiros, estripeiros, castiñeiros, hedras, silvas, violetas, "potentillas", "rubia peregrina", etc. Na zona do regato hai vexetación de ripisilva (abelaira, ameneiro, salgueiro) e no prado enchoupado, xuncos, lirios e flor do cuco. Na zona do cantil, a rocha mostra as especies propias: liques, fento mariño, coclearia, herba de namorar... Tanto estas plantas como as da estreita zona de pradería que hai adosada a ela presentan morfoloxía moi adaptada a vento forte e exceso de sal e luz.

Mellorar o medio onde vivimos foi a iniciativa presentada polo CEE Carmen Polo. Este Centro de Educación Especial fai da educación ambiental un eixo de traballo cotiá, que abarca dende a agricultura e gandería ecolóxica ata a realización de rutas adaptadas ás características do

seu alumnado. Preténdese mellorar o medio natural onde vivimos e mellorar a calidade de vida e a saúde humana. Durante todo o ano realizáronse diversas actuacións como a elaboración de viveiros e invernadoiros, a elaboración de compost para traballar en agricultura ecolóxica, o coitado dos animais da granxa e a recuperación da galiña de Mos, o reciclado de papel, vidro, aceites usados, pilas... e dar a coñecer a importancia dunha alimentación equilibrada.

No congreso presentaron un resumo do seu labor diario e do significado que para eles ten o contacto directo coa natureza. Ademais, presentaron un conto ilustrado que pretende sensibilizar a comunidade educativa en favor da protección do entorno contra o lume.

Os alumnos do IES Mosteirón expuxeron o proxecto **Divulgando na comunidade a Rede Natura 2000**. O proxecto pretende por en valor unha zona do río Mandeo catalogada como Lugar de Interese Comunitario – LIC - e que se atopa preto do centro escolar.

Para a realización do proxecto, os alumnos buscaron material bibliográfico, estudaron a zona Betanzos – río Mandeo e exploraron o medio natural e chegaron á conclusión de que o contacto coa natureza é un xeito de diversión saudable e que existen no noso contorno espazos naturais que deben ser valorados como bens comúns e, polo tanto, conservados.



Os medios de comunicación da Coruña recolleron as noticias que xurdiron a raíz do I congreso de educación ambiental dos centros de ensino da provincia da Coruña. Así, a mediados do mes de febreiro a prensa asistiu á presentación oficial do evento que tivo lugar na sede da Deputación da Coruña, nun acto no que estiveron presentes Carlos Vales, Director do CEIDA e Celestino Poza, responsable da área de Cultura da Deputación da Coruña. [La Opinión de A Coruña](#) abriu unha páxina da sección de A Coruña do 15 de febreiro de 2007 coa nova "El I Congreso de Educación Ambiental reúne a 400 escolares". Durante a posta en marcha dos proxectos, as edicións locais dalgúns xornais autonómicos recolleron o que estaban facendo os centros de ensino do seu contorno. A edición

de Carballo de [La Voz de Galicia](#) publicou, en varias ocasións, as saídas que fixeron os alumnos do IES Maximino Romero de Lema de Baio e o IES Agra de Leborís, de A Laracha; "El instituto de Baio estudiará los Penedos y el larachés, Baldaio", luns 19 de febreiro de 2007. Foi o día do congreso, o 10 de maio, cando os medios de comunicación tiveron a oportunidade de coñecer máis de preto os proxectos levados a cabo polos nove centros educativos que participaron no proxecto durante todo o ano. [La Opinión de A Coruña](#) publicou o venres 11 de maio de 2007 unha reportaxe que baixo o título "Proyectos naturales" contou o acontecido durante o evento celebrado en Mera. As fotografías cos rapaces presentando os seus traballos foi a imaxe máis buscada pola prensa.

La Opinión
Jueves, 15 de febrero de 2007

Los estudiantes proceden de centros públicos de la provincia

El I Congreso de Educación Ambiental reúne a 400 escolares

Los alumnos estudiarán nueve proyectos dedicados a la mejora del patrimonio natural y a la defensa de las dunas y marismas

Tania Suárez
A CORUÑA

El Centro de Extensión Universitaria y Divulgación Medioambiental de Galicia (CEIDA), la Diputación de A Coruña y la Consellería de Medio Ambiente organizan el I Congreso de Educación Ambiental para escolares, en el que participan alrededor de 400 estudiantes de centros públicos de la provincia. Los estudiantes tendrán la oportunidad de contar sus experiencias al resto de sus compañeros, que quedarán recopiladas en la publicación de las actas de las actividades.

Esta iniciativa pretende convertirse en un punto de referencia para la educación medioambiental en el entorno educativo de Galicia. Además, será un lugar de encuentro y de difusión de las experiencias que se están llevando a cabo en algunos centros escolares de Oleiros, Betanzos, Sada, Ferrol, Arteixo, Laracha y Zas.

El congreso fue presentado ayer en la Diputación de A Coruña por el responsable del área de Cultura, Celestino Poza, y el director del CEIDA, Carlos Vales.

"Debemos ensalzar la defensa de los valores del patrimonio natural; el proceso de sensibilización se debe realizar desde un punto de vista positivo, sin caer en catastrofismos como el miedo a la desaparición de la Tierra", indicó Poza, quien aseguró que la educación medioambiental estará "introducida dentro del programa educativo de los centros".

En el congreso participarán un total de nueve proyectos, tanto de divulgación como de estudio. En ellos, los estudiantes tratarán temas como la puesta en valor del patrimonio natural como elemento educativo y la necesidad de defender la dunas, las marismas y la laguna de Baldaio.



Carlos Vales, izquierda, y Celestino Poza, en la presentación. / TORRECILLA

El río Arteixo; los Penedos de Pasarela; las dunas, las marismas y la laguna de Baldaio; la ría de O Burgo; Ferrol y su comarca; y el monte do Gato, en Coirós, fueron algu-

nos de los terrenos examinados por los jóvenes para realizar sus trabajos de campo, que perseguían incentivar la conservación y la valoración del patrimonio cultural ga-

llego. Los proyectos, que llevaban desarrollándolos desde comienzos de curso, fueron expuestos por ellos mismos ayer en el auditorio Gabriel García Márquez de Mera

Proyectos 'naturales'

Más de 300 alumnos de ocho centros educativos de la provincia participaron en el primer Congreso de Educación Ambiental, en el que expusieron sus trabajos

Tania Suárez
OLEIROS

La preocupación de los jóvenes por la protección del patrimonio natural quedó patente ayer durante la celebración del primer Congreso de Educación Ambiental. Más de 300 alumnos, de entre 14 y 16 años, de ocho centros educativos de la provincia de A Coruña expusieron sus proyectos para incentivar la conserva-

ción y la valoración del patrimonio cultural gallego. Desde comienzo de curso, los estudiantes trabajaron en sus iniciativas, que fueron expuestas por ellos mismos ayer en el auditorio Gabriel García Márquez de Mera. Los participantes aspiran a que algunos de sus proyectos "se lleguen a realizar algún día".

El Monte do Gato —en Coirós—, el Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes, la Ría

de O Burgo y el río Arteixo fueron algunas de las zonas escogidas para realizar los trabajos. "Examinamos el río con poco tiempo y no pudimos terminar algunas cosas, pero aprendimos que hay que cuidar más los ríos", explicaba Héctor Rodríguez, uno de los alumnos del instituto de Educación Secundaria (IES) Manuel Murguía que estudió el Arteixo.

El presidente de la Diputación de A Coruña, Salvador Fernández

Moreda; el responsable del área provincial de Cultura, Celestino Poza; y el director del Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), Carlos Vales, asistieron ayer, a las 10.30 horas, al acto de inauguración del congreso. Los alumnos expusieron los trabajos a sus compañeros en el auditorio durante todo el día, pues las explicaciones se prolongaron hasta pasadas las 17.30 horas.



Alumnos del Instituto Agra de Leboris (Laracha). / CASTELEIRO

► **IES Agra de Leboris.** El objetivo del proyecto de los alumnos de este instituto se centra en la puesta en valor y defensa de las dunas, las marismas y la laguna de Baldaio. "Se trata de que observen y valoren los elementos del ecosistema", dice María Rei, profesora de Ciencias Medioambientales, quien añade que sus alumnos también realizaron "un juego sobre impactos medioambientales".



Alumnos del Centro Carmen Polo (Ferrol). / CASTELEIRO

► **Centro de Educación Especial Carmen Polo.** Invernaderos, cuidados de las granjas, jardines... son algunos de los escenarios que utilizan los educadores del centro para que sus alumnos tengan, además de una formación complementaria, "una ocupación". De hecho, en el centro editan una revista, hacen exposiciones y consumen en el comedor algunos productos que ellos mismos cultivan.



Alumnos del Máximo Romero de Lema (Baio-Zas). / CASTELEIRO

► **IES Máximo Romero de Lema.** Los Penedos de Pasarela (Zas) sirvieron a los estudiantes de 4º de ESO y de 1º de Bachillerato del centro para analizar el interés granítico de la zona y las alternativas existentes para su conservación y aprovechamiento. "Estudiamos las rocas, la fauna y la biodiversidad. Aprendimos más que en una clase", aseguran Iria, María y Alba, tres alumnas del instituto.



Alumnos del IES Manuel Murguía (Arteixo). / CASTELEIRO

► **IES Manuel Murguía.** Los alumnos de 4º de la ESO del IES Manuel Murguía, en Arteixo, se centraron en el estudio del río Arteixo y de la fauna y la flora de sus alrededores. Además, realizaron un trabajo sobre el consumo de agua en los hogares. "Concluyeron que se gasta mucha agua innecesariamente", explica Ramón Vilalta, profesor de Ciencias Medioambientales del instituto.

Ao longo do ano 2007, o equipo de educación ambiental do CEIDA desenvolveu programas educativos temporais coincidindo coas exposicións que tiveron lugar no Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA.

Os educadores dotaron as exposicións, sempre de contido ambiental, dun carácter máis didáctico, complementándooas con actividades e materiais adecuados ao público destinatario. Os programas desenvolvidos dedicáronse á conservación do lobo, á valorización do bosque autóctono e ao uso racional da enerxía.

O mundo das árbores

Un programa temporal dedicado ás causas da desaparición dos bosques e ás súas posibles solucións
Organiza: CEIDA

Nos medios de comunicación, nos libros do colexio, na rúa, etc. adóitanse ver e oír comentarios sobre os grandes problemas ambientais do mundo: o burato da capa de ozono, a contaminación das fábricas, a tala excesiva de árbores, a desaparición do Amazonas, etc. Tamén aparecen estes mesmos problemas ambientais a escala local: a desaparición dos bosques autóctonos polas talas e incendios forestais, a introdución de especies invasoras, os vertidos incontrolados de lixo ou as enfermidades e pragas que matan as árbores.

O mundo das árbores ofreceu aos centros de educación infantil e primaria un conxunto de recursos que lles permitiu traballar nas aulas un dos problemas ambientais máis importantes da actualidade: a desaparición dos bosques, as súas causas e posibles solucións. O programa naceu co obxectivo de achegar os aspectos interesantes e curiosos das árbores aos escolares e descubrir a importancia social e cultural dos bosques en Galicia. Os participantes do programa investigaron as utilizacións tradicionais dos recursos e coñeceron os beneficios que aportan os usos sostibles, á vez de que se decataron da necesidade da conservación.

As actividades desenvolvidas dentro do programa foron as visitas guiadas á exposición didáctica **o mundo das árbores**. O traballo con material didáctico adaptado ás idades dos rapaces, os xogos educativos sobre os problemas ambientais actuais e as visitas ao xardín do Castelo de Santa Cruz - cheo de árbores centenarias e elementos interpretativos - completaron as actividades do programa.

Un total de 730 asistentes procedentes de 20 centros educativos participaron neste programa que se desenvolveu do 5 ao 23 de marzo do 2007.



Amigo lobo. Lenda e realidade do lobo ibérico

Un programa temporal dedicado á realidade do lobo ibérico e á súa conservación

Organiza: CEIDA

É necesario conservar o lobo. Non obstante, por mor de falsas lendas, que o acusan de perigoso e sanguinario, foi perseguido dende tempos remotos debido aos ataques ocasionais a animais domésticos. Na actualidade, segue sendo vítima de prexuízos. A divulgación social da verdadeira imaxe desta especie é unha boa ferramenta para afastala dos falsos mitos que habitualmente a rodean. En Galicia viven unha quinta parte dos lobos ibéricos, *Canis lupus signatus*, polo que a súa correcta xestión é importante para a supervivencia da especie na Península Ibérica.

Amigo lobo. Lenda e realidade do lobo ibérico foi un programa no que se intentou dar a coñecer a situación actual do lobo ibérico, cunha análise sobre o seu estado de conservación. Con esta actividade, o CEIDA pretendeu recoñecer aqueles aspectos culturais que orientaron e orientan as actitudes do ser humano de cara ao lobo. Os asistentes viron como Félix Rodríguez de la Fuente, amante da natureza e divulgador ambiental, foi unha das persoas que máis influíu nos procesos de reflexión e transformación da cultura sobre esta especie.

As actividades desenvolvidas no programa foron, por unha banda, as visitas guiadas á exposición **Amigo lobo** que pretendieron facer fincapé na relación dos seres humanos coa natureza, en xeral, e co lobo, en particular, e axudar aos rapaces a comprender as consecuencias dos actuais modos de vida. Por outro lado, as outras actividades do programa consistiron na proxección do vídeo **Matadores inocentes**, dirixido e realizado por Félix Rodríguez de la Fuente, e un taller encamiñado a desmitificar a imaxe negativa do lobo e a concienciar da necesidade de conservación.

O programa **Amigo lobo** desenvolveuse do 30 de abril ao 28 de xuño. En total, participaron 284 nenos de 6 centros de ensino.



Un mundo de enerxías

Un programa temporal dedicado ao uso racional da enerxía baseado no aforro e na eficiencia

Dende hai décadas, o modelo enerxético imperante demóstrase insostible. A dependencia de recursos non renovables provoca miles de mortes en contendas polo seu control. Este modelo debe cambiar.

As diferentes alternativas enerxéticas suscitan debates e as necesarias medidas políticas, económicas e sociais, non contan co apoio e o coñecemento desexado. Non obstante, para ninguén pasan desapercibidos os efectos negativos do calentamento global como a desaparición de especies, as migracións masivas ou as grandes catástrofes ambientais, que son os efectos máis visibles e a súa relación co consumo enerxético é evidente.

Por iso, é preciso activar medidas divulgativas encamiñadas a dotar a cidadanía dos recursos necesarios para

adquirir na vida diaria actitudes responsables e centradas no aforro e eficiencia enerxética.

O programa de educación ambiental **Un mundo de enerxías** tivo como obxectivos propiciar o coñecemento comprensivo do contexto enerxético actual e divulgar a importancia fundamental de potenciar o uso racional da enerxía con criterios de eficiencia e aforro.

As actividades propostas para acadar estes obxectivos foron as visitas guiadas á exposición **Un mundo de enerxías**, situada no Castelo de Santa Cruz, e os talleres ambientais dedicados á cociña solar, ao aforro no uso da iluminación e ao consumo enerxético oculto dos aparatos en stand by ou apagados.

No programa, que se desenvolveu do 1 de agosto ao 1 de setembro, participaron un total de 152 asistentes procedentes de 6 asociacións galegas.



A educación ambiental dirixida a escolares é un dos principais atractivos para os medios de comunicación. Nenos ou grupos organizados facendo un roteiro ou atendendo ás explicacións dun educador ambiental son as fotografías máis frecuentes na prensa escrita. Os programas de educación ambiental do CEIDA tiveron a súa especial relevancia nos medios de comunicación rexionais.

O programa anual **O mar e a costa, recursos valiosos para todos** e, en especial, a experiencia piloto coa comunidade xorda, ocupou diversos espazos dos medios de comunicación autonómicos. Ademais das citas previas, **La Opinión de A Coruña** dedicou a contraportada do domingo 27 de maio de 2007 a esta actividade. Baixo o título “Enseñar naturales con las manos” o diario relata, en forma de crónica, unha das rutas feitas polo colexio de xordos, Nuestra Señora del Rosario, que contaron cunha educadora ambiental e unha intérprete da linguaxe de signos, ambas as dúas persoal do CEIDA.

O mundo das árbores foi recollido en **La Opinión de A Coruña**, na sección de Oleiros do 2 de marzo de 2007, nunha dobre columna onde se explicaba as características da exposición, situada no Castelo de Santa Cruz, que acompañaba o programa divulgativo.

A mostra que acompañou o programa **Amigo lobo**. Lenda e realidade do lobo Ibérico foi anunciada en distintos xornais. A época na que tivo lugar, propicia para as saídas e as visitas á Illa de Santa Cruz, fixo que esta exposición aparecese anunciada en varios medios de especial interese na comunidade galega. **A Nosa Terra**, na edición do 14 ao 20 de xuño, anunciou a actividade nas súas páxinas dedicadas ao Lecer. O 19 de xuño, **El Ideal Gallego**

avisaba da exposición nas páxinas da Área Metropolitana. A edición mensual de **Tierra** de **El País** do 16 de xuño anunciou a mostra nun breve.

O programa **Amigo lobo** desenvolveuse do 30 de abril ao 28 de xuño, tempo no que pasaron pola exposición máis de 1.000 persoas, ademais dos case 300 nenos e nenas que participaron no programa. Estes datos foron recollidos o día 23 de xuño en **La Opinión de A Coruña** e en **La Voz de Galicia**. Xornalistas da **Cadena Ser**, durante o programa **Vivir en A Coruña** (emitido de luns a venres durante o mediodía) entrevistaron a Carlos Vales – Director do CEIDA – para que explicase o éxito deste programa. A produtora galega **Pórtico**, editora do programa **Natureza** - emitido diariamente despois do Telexornal Mediodía da Televisión de Galicia (TVG) - filmou a exposición que estivo na sala de exposicións do castelo oleirense.

O último programa de Educación Ambiental para escolares do 2007 desenvolvido polo CEIDA foi **Un Mundo de Enerxías**, composto por unha exposición, que estivo no Castelo de Santa Cruz durante todo o mes de agosto, ensinou aos visitantes a aproveitar as enerxías renovables. Columnas, breves ou foto noticias foron os espazos dedicados, en varias ocasións, a esta mostra durante a súa estancia na sede do CEIDA. Tamén se anunciou en cadernos como, por exemplo, en **Fugas** de **La Voz de Galicia** onde se citaba a actividade como unha escapada especial para pais e fillos na que os educadores ambientais do CEIDA intentaban estimulalos para un uso racional da enerxía. **La Voz de Galicia** anunciou durante todo o mes de agosto esta exposición no apartado diario de **Museos y Exposiciones**.

La Opinión

Sábado,
23 de junio
de 2007

Más de mil personas visitan la exposición sobre el lobo ibérico en el Ceida

Más de mil personas han visitado en mayo y en lo que va de junio la exposición *Amigo lobo. Leyenda y realidad del lobo ibérico*, instalada en el Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida), en el castillo de Santa Cruz. La mayor parte de los visitantes fueron estudiantes de Educación Secundaria que participaron en las visitas guiadas que organiza el Ceida. La muestra, dedicada a Félix Rodríguez de la Fuente, seguirá abierta hasta finales de mes. El horario de visita es, de lunes a viernes, de 10.00 a 14.00 horas y de 16.00 a 19.00; y los sábados de 11.00 a 14.00 horas. La muestra está compuesta por un módulo fotográfico con más de 150 imágenes sobre biología, ecología y la problemática actual del lobo ibérico. Además de piezas óseas y fósiles, la exposición del Ceida cuenta con objetos relacionados con la cultura asociada al lobo.

La Opinión

Viernes,
2 de marzo
de 2007

El Castillo de Santa Cruz acoge una muestra didáctica sobre árboles

La exposición, que organiza Caixa Galicia, podrá visitarse hasta el día 24 de este mes

Redacción

OLEIROS

La exposición didáctica *El mundo de los árboles*, organizada por la Fundación Caixa Galicia, se inaugura hoy en las instalaciones del Centro de Educación Universitaria y Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida), ubicada en el Castillo de Santa Cruz.

Esta muestra que pretende acercar a los ciudadanos las especies más emblemáticas de la flora gallega, podrá visitarse has-

ta el 24 de marzo. La exposición, que ya se ha exhibido en otras localidades gallegas, incluye medio centenar de paneles fotográficos con datos prácticos y también curiosos y poco conocidos sobre algunas especies arbóreas.

Cada fotografía está acompañada de un texto en el que se describen las características más importantes de cada árbol, así como datos técnicos (dimensiones, crecimiento, usos tradicionales y enfermedades y plagas que suele padecer).

VIERNES 24 DE AGOSTO DEL 2007 ■ LA VOZ DE GALICIA

10

FUGAS

D NIÑOS

EXPOSICIÓN «UN MUNDO DE ENERXÍAS»

El castillo de Santa Cruz se recicla

A veces el marco sirve de excusa para visitar el contenido. En otras ocasiones sucede al revés. Y en muchos casos, ambas razones son buenas para promover una excursión. Un ejemplo de ello lo encontramos en la exposición *Un mundo de enerxías*, promovida por el Instituto Enerxético Galego y emplazada en esta ventana a la ría coruñesa que es el castillo de Santa Cruz, en Oleiros, sede del Centro de Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

A lo largo de 200 metros de recorrido por el interior de esta fortificación histórica, padres e hijos comprenderán la importancia de las fuentes renovables así como de hacer un uso racional de la energía, ayudados en todo momento por paneles explicativos y táctiles, medios experimentales y juegos dinámicos.

Como estímulo extra para despertar la curiosidad de los más pequeños los educadores del centro les harán de guía.



«UN MUNDO DE ENERXÍAS» | Castillo de Santa Cruz | Gratuita y hasta el 1 de septiembre en horario de lunes a viernes, de 10 a 14 y de 18 a 21 horas, y los sábados, de 11 a 14 y de 18 a 21 horas. 981 630 618.

TALLERES DINÁMICOS. Paneles y juegos enseñarán a los niños a hacer un uso racional de la energía

La Opinión

A Coruña

© LA OPINIÓN A CORUÑA, S.A. • Todos los derechos reservados. Esta publicación no puede ser reproducida, ni en todo ni en parte, ni registrada en, o transmitida por, un sistema de recuperación de información, en ninguna forma ni por ningún medio, sea mecánico, electrónico, fotográfico, en cualquier otro modo, sin el permiso previo por escrito de la editorial. Prohibida toda reproducción a los efectos del Art. 32.1, párrafo segundo, LPI.

Redacción y administración: C/ Franja 40-42 15001 A Coruña. Tel 981 217 400 • Fax: 981 217 402/ 04
(redacción) / 981 217 401 (administración)

www.laopinioncoruna.es



ISSN: 1576-8694
D.Legal: C-17/2006

Domingo, 27 de mayo de 2007

L. Costas
A CORUÑA

Carolina se estrenó ayer como intérprete de lenguaje de signos del Ceida durante una visita organizada para los niños del colegio Nuestra Señora del Rosario. Su llegada al Ceida, como monitorea en prácticas, permitió a este centro ofrecer por primera vez una visita guiada —y signada— a la comunidad sorda, para las que asociaciones como Acopros sue- le tener que poner los intérpretes que en otros países paga el Estado.

Las manos de Carolina fueron durante la mañana de ayer el centro de atención de los doce primeros visitantes del Aula do Mar: la antigua casa del farero de Mera, reconvertida en 2005 en centro de recepción de visitantes del monumento natural Costa de Dexo, en Oleiros. Once niños y niñas de distintas edades, acompañados de otros tres alumnos de otro centro y de los monitores de Acopros, recorrieron las distintas salas del museo. No todos precisaban de las explicaciones signadas porque algunos oyen, aunque sea poco, y se ayudaron con la lectura de los labios de la educadora ambiental que guió la visita.

Los niños
aprendieron a
diferenciar una
langosta de un
lubrigante

Los más pequeños de la expedición fueron los más inquietos y entre ellos, una *terremoto* de un metro y poco de estatura que tras una hora de recorrido ya había perdido la timidez y ordenaba hasta a los periodistas que entrasen en su autobús.

El módulo del percebeiro y los faros antiguos fueron lo que despertó más interés entre los visitantes, que no dejaron de hacer uso de sus cámaras digitales para inmortalizar la visita, a sus compañeros, las vistas e incluso a los monitores. A Erika Ameijenda y a Marta Bustabad —que estudia en otro colegio pero se apunta a las visitas del Nuestra Señora del Rosario— les encantó la exposición

Once alumnos del colegio de sordos Nuestra Señora del Rosario descubrieron los secretos que esconde el monumento natural Costa de Dexo-Serantes, en la primera visita que

el Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida) organiza para la comunidad sorda. Acompañados de monitores e intérpretes del lengua-

je de signos del Ceida y de la Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo (Acopros), los niños recorrieron el Seixo Branco y disfrutaron de una comida al aire libre

Enseñar naturales con las manos

Un grupo de alumnos del colegio Nuestra Señora del Rosario inaugura las visitas guiadas por la Costa de Dexo que el Ceida organiza para la comunidad sorda



Los escolares posan en la terraza del Aula do mar, con los acantilados del Seixo Branco al fondo. / FRANK MARTINEZ

de faros pero a Tania Barros y a Debora Triñanes les impactó más el percebeiro, la reproducción de un profesional encaramado a unas rocas con una bolsa de red en la cintura que hay en el Aula do Mar.

Ayer se enteraron de que en la Costa de Dexo se dejaron la vida muchos mariscadores dedicados a la recolección de este producto y que es el riesgo que entraña su captura lo que lo encarece. La mayoría supo identificar a un caballito

o a una estrella de mar, pero se ar- maba un lío a la hora de diferen- ciar una langosta de un lubrigante o a un cangrejo de un bucy. La llegada de los niños de Nuestra Se- ñora del Rosario también fue un reto para la guía del Ceida, Rebe- ca Vázquez, que tuvo que adaptar los contenidos a su público y sobre todo hablar mucho más despacio de lo habitual. El balance tanto desde Acopros como por parte del Ceida fue sin embargo muy posi-

tivo. "Al tener una intérprete de lenguaje de signos nos planteamos organizar estas visitas y la acogi- da ha sido muy buena; se trata de explicar a los chicos por qué es im- portante conservar este monu- mento natural, pero también de que disfruten del paisaje y del día", comentó. Los chicos disfru- taron de la parte más teórica de la visita, pero mucho más del paseo por la Costa de Dexo, durante el que tuvieron oportunidad de visi-

tar una *fiuna* de verdad y de aso- marse a los vertiginosos acanti- lados del Seixo Branco, donde Ca- roline volvió a hacer volar sus ma- nos para hablar de la fauna y flo- ra local. La educadora a la que la intérprete signaba había anuncia- do que otras visitas habían tenido la suerte de avistar delfines, pero aunque el tiempo mejoró a me- diodía, los cetáceos no acudieron a la clase de naturales, para mu- chos ya Confeccionamento do medio.


Un programa anual para coñecer o centro
Organiza: CEIDA

O traballo que se fai dende o CEIDA esperta un grande interese en colectivos moi distintos. Un total de 1369 persoas, pertencentes a 41 colectivos distintos como fundacións, asociacións, estudantes universitarios e outras institucións pasaron no 2007 polo Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, dentro do **programa de visitas guiadas ao CEIDA**. Os educadores ambientais do centro son os encargados de explicar aos visitantes cales son as principais funcións que se realizan aquí.

O CEIDA aproveita este programa para poñer en valor a súa sede, o Castelo e a illa de Santa Cruz, un espazo declarado Ben de Interese Cultural. Así, a través do **programa de visitas guiadas ao CEIDA** o visitante pode coñecer a historia deste patrimonio.

O Castelo construíuse a finais do século XVI, para reforzar a defensa da baía da Coruña fronte aos ataques navais de corsarios ingleses. Anos máis tarde, foi residencia da afamada escritora Dona Emilia Pardo Bazán. O Castelo de Santa Cruz tamén foi casa de colonias para orfos do exército ata o ano 1978. Actualmente, a construción é propiedade do Concello de Oleiros que no ano 1992 púxo a disposición da Xunta de Galicia para a creación do actual Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).







Exposicións

A educación ambiental é, ante todo, educación para a acción, o que conleva que a participación social sexa unha ferramenta clave para aliviar a actual crise ambiental derivada dos impactos que a actividade humana ten sobre o medio. Desta forma, a información e a divulgación ambiental son instrumentos que serven á cidadanía para adquirir e/ou ampliar os seus coñecementos e a súa concienciación e, por tanto, contribuír á solución destes problemas.

Unha ferramenta eficaz para a divulgación ambiental son as exposicións que permiten, por un lado, dar aos visitantes unha visión rápida, sintética e global dalgunhas das problemáticas ambientais máis actuais e das solucións existentes e, por outra banda, chegan a un gran número de persoas, axeitándose a distintos tipos de público.

O CEIDA, como centro de divulgación ambiental, ten entre os seus obxectivos fomentar o coñecemento dos valores e dos problemas ambientais actuais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia crítica. Para acadar este fin conta, entre as súas actividades divulgativas, cun programa de exposicións, tanto de carácter itinerante como de carácter temporal nas salas de exposición do Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA.

A temática das exposicións, tanto as que produce o CEIDA como as cedidas por outras institucións, está vinculada a grandes desafíos ambientais como o quentamento global ou a destrución da biodiversidade e dos espazos naturais. O mar, dende o punto de vista ambiental e cultural, tivo unha especial relevancia no programa de exposicións do ano 2007.

Datas

Do 1 de xaneiro ao 28 de febreiro.

Contidos

56 pinturas e viñetas de El Roto (Andrés Rábago García) compoñen esta mostra.

As imaxes e frases que coloca ante o público invitan á reflexión, a clarificar as ideas dunha sociedade que, se abandona a moral e a ética, está condenada á destrución. O humor, serio e tranquilo, duro e comprometido que destila a súa obra de trazo groso e cores planos, é moi difícil de catalogar.

Producen

SOGAMA - Sociedade Galega do Medio Ambiente e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Organiza

CEIDA.

Visitantes

2.798 visitantes.

Sobre o autor

Andrés Rábago García, El Roto, naceu en Madrid en 1947. A El Roto non lle gusta o termo "humorista". Prefire dicir que practica a sátira, na que o humor pode ter cabida, pero igual que outras moitas cousas. Andrés Rábago colaborou en multitude de publicacións: Ajoblanco, Cuadernos para el diálogo, El Independiente, El Jueves, El periódico de Catalunya, Hermano Lobo, Triunfo, Informaciones, La Codorniz. Actualmente publica en El País.

O seu estilo procurou sempre reflectir a realidade social, con fins críticos e dende un punto de vista satírico, que consegue a miúdo o milagre de unificar a tenrura cunha desapiadada visión da vida e as súas contradicións. Aparte das súas colaboracións en prensa e revistas, ten publicado libros e destaca tamén como guionista, escenógrafo e pintor.



Datas

Do 2 ao 25 de marzo.

Contidos

A exposición didáctica “O Mundo das Árboreas” achega aos nenos e adultos os aspectos máis interesantes e curiosos deste mundo natural. Cunha mensaxe clara e concisa explícanse as características das especies que podemos atopar na Península Ibérica para que, a través do coñecemento, aprendamos a preservalos. Penetrando na mostra descóbreanse as vantaxes e beneficios que nos ofrece a natureza a través das árbores.

A exposición conta con 36 paneis fotográficos onde se representan os aspectos máis curiosos e descoñecidos das especies arbóreas da Península Ibérica, mostras de cortes de madeiras das especies expostas, onde se poden apreciar os aneis de crecemento e detalles da cortiza, un sementeiro e material didáctico complementario.

Autores

Susana Domínguez e Ezequiel Martínez.

Patrocina


Fundación Caixa Galicia.

Organiza

CEIDA.

Visitantes

1.164 visitantes.



Datas

Do 27 de marzo ao 27 de abril.

Contidos

A mostra consta de 40 fotografías relacionadas coa montaña e o seu contorno natural e humano: imaxes de alpinismo, escalada, esquí, espeleoloxía, descenso de canóns, paisaxes, flora, fauna, etnografía, etc.

Esta exposición fotográfica xorde a raíz do concurso fotográfico organizado polo Club Montañeiros Celtas. Soamente as seleccionadas polo xurado forman parte desta exposición itinerante coa que se pretende dar a coñecer e divulgar a necesidade de conservación da natureza, especialmente da beleza natural da montaña.

Producen


Club de montañeiros Celtas.

Organiza

Club de montañeiros Celtas e CEIDA.

Visitantes

1.115 visitantes.



Datas

Do 3 ao 8 de maio.

Contidos

A mostra céntrase na planta produtora de pasta de celulosa instalada na Ría de Pontevedra dende finais da década dos cincuenta. Consta de paneis que relatan diversos aspectos da industria da celulosa: ENCE a hipoteca dun pobo, o sistema operativo: a expansión do eucalipto, ENCE en Galicia: o crecemento do monstro, certificando o que non se pode certificar, o que ignoran as entidades certificadoras: incremento da erosión, o uso masivo dos herbicidas e a perda de biodiversidade.

Producen

Colectivo ERVA - Ecoloxistas en acción.

Organizan

Colectivo ERVA- Ecoloxistas en acción e CEIDA.

Visitantes

80 visitantes.



Datas

Do 2 de maio ao 2 de xullo.

Contidos

Varios paneis e fotografías que falan da bioloxía, ecoloxía, etoloxía, hábitat, distribución social e da historia evolutiva do lobo ibérico compoñen esta mostra. A exposición complétana dúas maquetas e varias vitrinas con esculturas, pinturas, gravados, escudos, aneis, colgantes, amuletos, moedas, selos, libros, cepos, e reproducións de pezas arqueolóxicas e etnolóxicas así como un lobo ibérico naturalizado.

A exposición monográfica sobre o lobo está dedicada a Rodríguez de la Fuente "Amigo Félix", o mellor amigo que tivo o lobo e que durante moitos anos traballou na defensa desta mítica e emblemática especie.

O obxectivo da mostra é dar a coñecer o lobo ibérico como especie ameazada e promover a súa divulgación científica, desmitificando a súa figura como animal diabólico e perigoso. Tamén pretende amosar os aspectos culturais que orientaron e orientan as actitudes cara ao lobo das comunidades humanas.

Autor

Carlos Sanz.

Organiza

CEIDA.

Visitantes

1.570 visitantes.

Sobre o autor

Carlos Sanz García é biólogo de campo cunha ampla experiencia na crianza, mantemento e manexo de animais silvestres (especialmente lobos ibéricos). Tamén é un recoñecido fotógrafo naturalista que escribiu numerosos artigos, realizou audiovisuais, e publicou miles de fotografías en folletos, revistas, libros, enciclopedias, programas informáticos e páxinas web, sempre sobre temas relacionados coa divulgación e a conservación da Natureza e o Medio Ambiente.

Formou parte dos equipos que rodaron algunhas das máis importantes e prestixiosas series televisivas sobre a Natureza filmadas no Estado Español e Iberoamérica: El Hombre y la Tierra, Enclave verde, La ruta alternativa, Naturaleza ibérica, La marisma y el llano, De polo a polo e La España salvaje I e II.



Datas

Do 4 ao 29 de xullo.

Contidos

A mostra conta con 64 fotografías nas que se inclúen a totalidade das gañadoras e as consideradas como máis destacadas polo xurado do concurso Wildlife Photographer of the Year 2007.

As fotografías desta exposición amosan a preocupación e o interese dos autores por conservar a biodiversidade do planeta. As imaxes están captadas con emoción, co obxectivo de mostrar a beleza e o valor incomparable de diferentes aspectos do mundo natural que non podemos ver cos nosos propios ollos. A exposición, admirada por millóns de persoas en todo o mundo, convértese en embaixadora da vida na Terra e invita á reflexión sobre o destino do noso planeta.

Producen

The Natural History Museum e BBC Wildlife Magazine.

Patrocinan



Caixanova e Concello de Oleiros.

Organiza

CEIDA.

Visitantes

2.962 visitantes.





Datas

Do 1 de agosto ao 1 de setembro.

Contidos

Un mundo de enerxía é unha mostra que intenta divulgar e potenciar o uso racional da enerxía con criterios de eficiencia e de aforro.

Permite aos visitantes participar nos diversos aspectos do marco temático da enerxía: produción, transporte e consumo. A exposición estimula a curiosidade do visitante cara ao mundo da enerxía mediante a utilización de distintos medios audiovisuais, táctiles e experimentais que o axudan a comprender a complexidade dos procesos e infraestruturas necesarias para levar a cabo actividades tan cotiás como acender unha lámpada ou utilizar un vehículo.

Producen

INEGA - Instituto Enerxético de Galicia e Consellería de Innovación e Industria.

Organiza

CEIDA.

Visitantes

4.396 visitantes.



Datas

Do 16 de agosto ao 3 de setembro.

Contidos

Amósanse, nesta mostra, as biografías de mulleres salientables na historia de Galicia. Escritoras, actrices, pensadoras, pintoras, sindicalistas, monxas, xornalistas... son algunhas das profesións que exerceron mulleres galegas que foron abrindo camiños nunha sociedade que as ignoraba, oprimía ou ridiculizaba cando algunhas destacaban en actividades consideradas tradicionalmente masculinas. Durante séculos, estas mulleres estiveron esquecidas da historia de Galicia. A exposición é un traballo de recuperación de moitas delas para devolverlles o lugar que deberían ocupar e que se lles negou.

Produce

Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

Organiza

CEIDA.

Visitantes

2.122 visitantes.



Datas

Do 4 ao 21 setembro.

Contidos

Nos últimos anos unha gran variedade de acordos a escala internacional veñen recoñecendo a necesidade de protexer os ecosistemas mariños. Na actualidade, as Áreas Mariñas Protexidas son unha das principais ferramentas de xestión das pesqueiras, ao que se engade a súa importancia na conservación da biodiversidade.

A exposición consta de paneis de distintas temáticas: os recursos e ameazas do medio mariño e litoral, a pesca en Galicia e as Áreas Mariñas Protexidas como ferramentas para a xestión das pesqueiras e a conservación da biodiversidade do medio mariño. A mostra acompáñase de material didáctico: un audiovisual con imaxes da costa galega e entrevistas a diferentes persoas do sector pesqueiro, ordenadores con programas interactivos así como maquetas con representacións da profundidade dun fondo mariño nun mar ben conservado e noutro explotado e degradado.

Producen

Fundació Teritori i Païsatge e CEIDA.

Patrocinan

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Colabora

Supermercados Haley.

Visitantes

1.078 visitantes.



Datas

Do 15 de outubro ao 1 de decembro.

Contidos

Voz Natura é un programa de educación ambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998. O seu obxectivo é implicar á comunidade escolar na recuperación e defensa da natureza galega.

Con esta exposición conmemórase o décimo aniversario do programa Voz Natura. Nestes dez anos participaron máis de 200.000 rapaces que traballaron en 1.425 proxectos de recuperación de espazos degradados, limpeza de ecosistemas, reforestacións, plantacións e actividades de concienciación, entre outras. Os resultados dos seus traballos son visibles en calquera curruncho da xeografía galega.

A mostra conta con paneis que repasan os acontecementos máis destacados desta década e os pormenores de cada unha das edicións pasadas xunto con ilustracións que recollen os traballos máis destacados de cada edición.

Produce

Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.

Patrocinan

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Colabora

Supermercados Haley.

Visitantes

534 visitantes.



Nazareth Díaz, coordinadora de Voz Natura e José Antonio Díaz, representante do comité científico de Voz Natura na inauguración da exposición

Datas

Do 5 ao 31 de decembro.

Contidos

A mostra sobre o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia ten como obxectivo a divulgación dos valores naturais e culturais do Parque Nacional, o achegamento da natureza aos cidadáns e a concienciación da poboación na conservación da natureza.

Para conservar os valores que motivaron a declaración das Illas Atlánticas de Galicia como un dos 14 Parques Nacionais do Estado español e o único galego, é necesario que a sociedade coñeza estes valores naturais e culturais e comprenda as razóns polas que é necesaria a súa protección, marco no que se encadra a exposición.

A mostra está composta por paneis que presentan o Parque e a súa localización, información sobre os seus fondos mariños e as condicións que causan unha extraordinaria biodiversidade, as aves mariñas, a historia e cultura, a conservación e xestión, as embarcacións tradicionais empregadas no contorno do Parque así como as artes tradicionais de pesca e marisqueo.

Produce

Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Organiza

Supermercados Haley.

Visitantes

471 visitantes.



Datas

Do 5 ao 31 de decembro.

Contidos

O arco de costa comprendido entre cabo Prioriño, na entrada da Ría de Ferrol, e a praia de Valdoviño goza dun estado de conservación incrible, sobre todo tendo en conta a proximidade de núcleos de poboación importantes e o uso intensivo que se fai da costa nos meses estivais. Esta reliquia costeira case non conta con áreas urbanizadas na zona de dominio marítimo terrestre, algo moi frecuente noutras partes da xeografía galega e peninsular. Debido a isto e á súa beleza natural, é un claro obxectivo a urbanizar nun futuro inmediato nuns tempos nos que a cultura do formigón parece desprazar calquera consideración medioambiental.

Por este motivo, Fran Nieto presenta nesta exposición unha serie de 22 instantáneas tomadas nun período de varios anos, sempre en busca de luces e composicións especiais para as súas fotografías, e sobre todo, gozando cada día que pode dunha beleza en grave perigo de extinción se os cidadáns e institucións non se implican na súa preservación.

Convencido de que é vital dar a coñecer este patrimonio para que se loite pola súa preservación, as fotografías de Fran Nieto achegan ao público os cantís, praias e recunchos que se poden perder se non se conservan.

Autor

Fran Nieto.

Organiza

CEIDA.

Visitantes

471 visitantes.

Sobre o autor


Fran Nieto é colaborador habitual de varias publicacións e dirixe na actualidade a revista de difusión nacional *Natureza Salvaxe* a través de la Fotografía. É coautor de varios libros e membro activo da Asociación Española de Fotógrafos de Natureza - AEFONA. Gañou máis de 30 concursos fotográficos relacionados coa natureza. As súas instantáneas participaron en varias exposicións nacionais e ilustran multitude de libros, calendarios e folletos.





O NOSSO MUNDO





Exposicións itinerantes

O programa de exposicións de empréstito conta con varias mostras deseñadas e producidas polo CEIDA ou cedidas por outras entidades para o seu préstamo. Estas exposicións, de carácter itinerante, déixanse gratuitamente a todas as entidades interesadas en recibilas temporalmente nas súas instalacións.

Nestas exposicións reflíctense algunhas das liñas prioritarias de actuación do CEIDA, entre as que se encontran a

conservación do medio mariño e litoral, ou un dos maiores retos da sociedade actual: o cambio climático.

Durante o 2007 o programa de exposicións consolidouse con case un centenar de entidades participantes, especialmente centros de ensino.



Visitantes

12.207 persoas.

Nº itinerancias

17.

Produce

CEIDA.

Patrocina

Deputación da Coruña.

Colabora

Eliseo H. Fernández Vidal.

Descrición

Unha das migracións máis abraiante no mundo animal é a realizada pola bolboreta Monarca, que coas súas fráxiles ás, voa miles de quilómetros dende o norte de Estados Unidos ata México. Cando os ventos son favorables, algunhas logran atravesar o Atlántico chegando ata as costas galegas.

O proxecto **Operación Monarca** ten como obxectivo que cada vez máis persoas coñezan esta bolboreta e poidan informar das súas observacións, co fin de ter un coñecemento máis profundo da súa presenza en Galicia. Ademais, pretende que o público alleo á lepidopteroloxía se interese polo coñecemento deste marabilloso mundo e a súa conservación.

Relación de itinerancias

08/01 - 16/01	CEIP do Vicedo (O Vicedo)
17/01 - 25/01	IES Perdouro (Burela)
26/01 - 07/02	IES A Basella (Vilanova de Arousa)
08/02 - 21/02	CEIP Xulio Camba (Vilanova de Arousa)
22/02 - 07/03	CEIP Alexandre Bóveda (Redondela)
08/03 - 19/03	CEIP de Laredo (Redondela)
09/04 - 18/04	IES Manuel Antonio (Vigo)
19/04 - 26/04	CPR Compañía de María (Vigo)
30/04 - 21/05	IES Auga da Laxe (Gondomar)
25/05 - 08/06	EOI Santiago (Santiago de Compostela)
11/06 - 22/06	IES Terra de Trasantos (Narón)
29/06 - 31/07	Centro comercial e de ocio ODEÓN (Narón)
14/09 - 30/09	Centro comarcal A Ulloa (Palas de Rei)
08/10 - 24/10	CEIP Vilaxóan (Vilagarcía de Arousa)
25/10 - 13/11	CEIP O Cantel (Foz)
14/11 - 29/11	CIFP A Granxa (Ponteareas)
03/12 - 22/01	Concello de Porto do Son



Visitantes

9.904 persoas persoas.

Nº itinerancias

19.

Produce

CEIDA.

Patrocina

Fundació Territori i Paisatge.

Descrición

A catástrofe ambiental do petroleiro Prestige, o 19 de novembro de 2002, tinxiu de negro 2.900 quilómetros de costa de varios países. O impacto no medio natural e socioeconómico foi evidente, afectando a máis de 250.000 aves e obrigando a cesar na súa actividade pesqueira a máis de 30.000 persoas. Este trágico suceso conmocionou a sociedade que reaccionou con valores como a solidariedade, a participación e a creatividade.

O CEIDA e a Fundación Territori e Paisatge queren divulgar nesta exposición todo o que pasou por aquelas datas, e axudar a descubrir o que debemos aprender todos para que estes feitos non volvan suceder. Tras varios anos desta traxedia, a exposición Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible, pretende dar a coñecer as consecuencias reais da catástrofe ambiental creada polo afundimento do petroleiro, dar a coñecer as problemáticas do actual modelo enerxético que domina a sociedade, estimular a reflexión sobre os patróns de consumo e potenciar a participación social na demanda dun novo modelo máis sostible ambientalmente.

Relación de itinerancias

08/01 - 19/01	IES de Ames (Ames)
22/01 - 02/02	IES Pazo da Mercé (As Neves)
05/02 - 12/02	IES Val do Tea (Ponteareas)
05/02 - 12/02	IES Pedra da Auga (Ponteareas)
13/02 - 01/03	IES Espiñeira (Boiro)
05/03 - 03/04	Concello de Vilagarcía de Arousa
10/04 - 23/04	CEIP Valle Inclán (Oleiros)
24/04 - 08/05	IES A Basella (Vilanova de Arousa)
09/05 - 23/05	CEIP Mallón (Nigrán)
24/05 - 07/06	CEIP Chans - Bembrive (Vigo)
08/06 - 22/06	IES Fernando Blanco (Cee)
26/07 - 31/08	Centro Comarcal da Ulloa (Palas de Rei)
31/08 - 17/09	Centro comercial e de ocio ODEÓN (Narón)
24/09 - 27/09	I congreso internacional de E.A. dos países lusófonos e Galicia (Santiago de Compostela)
08/10 - 24/10	IES Vilar Ponte (Viveiro)
25/10 - 13/11	IES Ponteceso (Ponteceso)
14/11 - 29/11	CPI de Xanceda (Xanceda - Mesía)
30/11 - 20/12	IES Escolas Proval (Nigrán)
26/12 - 04/01	Aula de Ecoloxía Urbana Concello de Ferrol



Visitantes

4.657 persoas.

Nº itinerancias

11.

Produce

Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial
– FGCMF.

Colabora

CEIDA.

Descrición

En Galicia, o mar é algo máis que reserva de peixe ou vía de comunicación. As construcións, a toponimia, a fala, a gastronomía, as festas... en definitiva, a cultura está vinculada ao mar. Todas estas manifestacións fan que Galicia conte cun inmenso e valioso Patrimonio Marítimo.

Esta exposición trata de revalorizar este patrimonio, dende as súas múltiples manifestacións naturais, históricas e culturais co fin de recuperar e protexer o acervo cultural mariñeiro galego.

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial naceu en 1993 coa finalidade de impulsar a conservación e posta en valor do patrimonio marítimo galego. Na actualidade, está composta por trinta e sete asociacións repartidas por toda a beiramar de Galicia e o norte de Portugal. O CEIDA colabora na divulgación desta exposición, tras establecerse un convenio de colaboración coa FGCMF.

Relación de itinerancias

08/01 - 19/01	IES A Pinguela (Monforte de Lemos)
22/01 - 02/02	IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)
05/02 - 19/02	IES de Ames (Ames)
12/03 - 30/03	CEIP Isidora Riestra (Poio)
09/04 - 23/04	CEIP Magaláns-Dorrón (Sansenxo)
24/04 - 08/05	IES Moncho Valcarce (As Pontes)
09/05 - 23/05	CEIP Chans – Bembrive (Vigo)
24/05 - 07/06	IES Alfredo Brañas (Carballo)
08/06 - 22/06	IES de Sanxenxo (Sanxenxo)
15/11 - 30/11	Colexio Concepción Arenal (A Coruña)
03/12 - 20/12	IES Cruceiro Baleares (Culleredo)



Visitantes

14.046 persoas.

Nº itinerancias

15.

Producen

Fundació Territori i Paisatge e CEIDA.

Patrocinan

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Colabora

Supermercados Haley.

Descrición

O mar é fonte de incontables recursos culturais, económicos e espirituais. Tamén é un ámbito extraordinariamente amplo en ecosistemas e diversidade, moi pouco coñecido pola maioría. Por isto, recibe un trato moi diferente ao que se lle veu dando á superficie terrestre en termos de conservación.

A exposición presenta as **Áreas Mariñas Protexidas** (AMPs) como unha das principais ferramentas de xestión das pesqueiras, os recursos mariños, os problemas do mar e a pesca en Galicia.

Os obxectivos desta mostra son sensibilizar o público visitante arredor da importancia do mar e do litoral como patrimonio esgotable e recurso espiritual, cultural e económico e dar a coñecer a figura de Áreas Mariñas Protexidas como estratexia de conservación do mar e o litoral sinalando o que cada un de nós pode facer.

Relación de itinerancias

30/01 - 10/02	Supermercados Haley (Carballo)
13/02 - 24/02	Supermercados Haley (O Burgo)
27/02 - 10/03	Supermercados Haley (Oleiros)
13/03 - 24/03	Supermercados Haley (O Barco de Valdeorras)
27/03 - 07/04	Supermercados Haley (Ribeira)
10/04 - 21/04	Supermercados Haley (Tui)
24/05 - 05/05	Edificio de usos múltiples de Monforte de Lemos
08/05 - 19/05	Claustro de San Francisco (Viveiro)
22/05 - 02/06	Superco Ourense
12/06 - 23/06	Liceo de Betanzos
01/08 - 05/08	III Salón náutico de Ferrol · Spinaker (Ferrol)
06/08 - 31/08	Centro comercial e de ocio ODEÓN (Narón)
03/09 - 21/09	CEIDA (Oleiros)
24/09 - 27/09	I congreso internacional de E.A. dos países lusófonos e Galicia (Santiago de Compostela)
31/10 - 30/11	Centro comarcal A Ulloa (Palas de Rei)



Itinerancia a cargo da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Nº itinerancias

18.

Producen

Instituto Enerxético de Galicia - INEGA - e CEIDA.

Colaboran

Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Ministerio de Medio Ambiente, Alianza del Clima e Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea.

Descrición

Moitas das actividades que se realizan na vida cotiá provocan, directa ou indirectamente, emisións de gases de efecto invernadoiro contribuíndo a un dos principais problemas ambientais deste século: o cambio climático.


A subida do nivel do mar, treboadas, inundacións, ... son algunhas das consecuencias que o cambio climático provocará por todo o planeta. É posible impedir que aconteza pero é preciso que todos os actores sociais se involucren na loita contra este fenómeno global.

Esta exposición pretende dar a coñecer o problema ambiental do cambio climático, informando sobre as súas causas e consecuencias e estimular a participación dos visitantes propoñendo novos comportamentos e accións positivas contra o cambio climático que fomenten un desenvolvemento máis equilibrado social e ambientalmente. A mostra baséase no proxecto europeo CLARITY - Acción Educativa polo Clima.



Relación de itinerancias

18/05 – 31/05	IES Coroso (Ribeira)
01/06 – 06/06	Concello de Caldas de Reis
05/06 – 09/06	IFEMI - Enernova (Vigo)
06/06 – 22/06	IES Pintor Colmeiro (Silleda)
16/07 – 05/08	Concello de Guitiriz
01/08 – 05/08	III Salón náutico de Ferrol Spinnaker (Ferrol)
06/08 – 30/08	Concello de Abegondo
17/09 – 28/09	I congreso internacional de E.A. dos países lusófonos e Galicia (Santiago)
01/10 – 15/10	IES de Curtis (Curtis)
28/09 – 08/10	Concello de Allariz
08/10 – 21/10	Concello de Covelo
22/10 – 15/11	Asociación de Desenvolvemento Rural - Comarca de Pontevedra
05/11 – 16/11	IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago)
16/11 – 19/11	Recinto feiral de Arzúa
20/11 – 20/12	IES Lama das Quendas (Chantada)
07/11 – 14/11	CPI Dr. López Suárez (Friol)
16/11 – 30/11	Concello de O Barco de Valdeorras
01/12 – 21/12	Concello de Muros







Actividades de cooperación



Os días 3 e 4 de marzo do 2007 tivo lugar, no Castelo de Santa Cruz, o Encontro galego – portugués de cooperación en Mozambique.

Organizado por Axuda en Acción, contou coa colaboración da Plataforma Portuguesa de ONGD's, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, a Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento e o CEIDA.

A finalidade do encontro, que reuniu a 60 persoas, foi analizar a situación actual e a evolución futura da cooperación ao desenvolvemento en Mozambique dende a perspectiva dos actores (cooperación oficial, ONGD, universidades, empresas...) que traballan alí dende Galicia, Portugal e tamén Mozambique. Tamén se buscou atopar un espazo de encontro para que as distintas entidades que interveñen en Mozambique valorasen posibles accións comúns futuras.

No encontro, inaugurado por **Rafael Beneyto**, director xeral de Axuda en Acción e por **Fabiola Sotelo**, Directora Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia. Participaron con relatorios **Antonio Álvaro Francisco**, Director Geral de Acção Social do Governo de Mozambique, **Xosé Cuns**, técnico da Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia e **Sophie Robin**, presidenta da Plataforma Portuguesa de ONGD's. Contaron os seus modelos de cooperación Farmamundi, Inde, Proyde, Médicos do Mundo, Devalar, Oikos, Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña, Saude em Português, Ecos do Sur, Instituto Politécnico de Viana, Cruz Vermella, Link, Action Aid Mozambique e realizáronse obradoiros sobre fortalecemento industrial, desenvolvemento rural e pesqueiro artesanal, saúde e educación e cidadanía e cooperación descentralizada.

Clausurou o encontro **Alfredo Novoa**, presidente do Fondo Galego de Cooperación.



Fabiola Sotelo, Directora Xeral de Cooperación Exterior e Rafael Beneyto, director xeral de Axuda en Acción na inauguración do encontro



O Movemento Europeo polos Bosques (FME) é unha rede de ONG europeas dedicada aos temas que afectan ás masas forestais e ás persoas que dependen deles. Reúnese unha vez ao ano para coordinar o traballo da sociedade civil europea na loita contra a perda de masas forestais, tanto en Europa como fóra das súas fronteiras.

Do 4 ao 6 de maio tivo lugar na sede do CEIDA o **Cume europeo anual do Forest Movement Europe (FME)**. Un total de 80 persoas asistiron ao evento organizado polo Forest Movement Europe (FME) e o Forests and the European Union Resource Network (FERN) e que contou coa colaboración do CEIDA.

O obxectivo da xuntanza foi integrar os grupos ibéricos dentro do movemento internacional e incorporar as súas visións á estratexia conxunta. Este traballo é esencial para que as necesidades dos bosques temperados se teñan en conta nas políticas internacionais e para reforzar o

impacto do traballo da sociedade civil ibérica no debate europeo.

O cume tivo dúas orientacións. Unha orientación internacional na que se trataron os plans de loita contra a tala e o comercio ilegal de madeira, as certificacións forestais sostibles, os biocombustibles e os seus impactos nos países do sur e a estratexia europea de redución de consumo de papel. No plano ibérico, os temas tratados foron as plantacións de eucalipto, os problemas coa expansión do seu cultivo e coa industria papeleira, os incendios forestais e o abandono do monte mediterráneo.



Os días 26 e 27 de xullo tivo lugar este seminario en Praia, Illa de Santiago, Cabo Verde (África). Organizado polo Goberno de Cabo Verde e a asociación portuguesa Nerea Investiga, contou coa colaboración do CEIDA.

A actividade reuniu a expertos en educación ambiental de Brasil, Cabo Verde, Portugal e Galicia. O seminario xirou en torno á construción de sociedades sustentables, os contextos de participación na igualdade de oportunidades e na educación ambiental polo manifesto planetario. Ademais, nos días que durou o evento disertouse sobre os proxectos e experiencias que se están levando a cabo na república africana en materia de educación ambiental e os desafíos socio-culturais, ambientais e económicos. Os obradoiros desenvolvidos dedicáronse aos procesos participativos na Axenda 21 Escolar, á compostaxe como práctica socio-educativa e á interpretación do medio como recurso pedagógico.





Do 24 ao 27 de setembro celebrouse o **I congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia**, organizado polo CEIDA coa colaboración da Universidade da Coruña e a de Santiago de Compostela. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e a Axencia Española de Cooperación de España foron os principais promotores. A Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela acolleu o evento no que participaron un total de 400 educadores ambientais, intelectuais e representantes do Estado español e de todos os países de lingua portuguesa.

O principal obxectivo do congreso foi establecer as bases para un traballo futuro entre os educadores ambientais galegos e os de Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique, San Tomé e Príncipe, Timor Leste, Brasil, Portugal.

Galicia foi a encargada de organizar este evento tras a proposta que fixo a delegación brasileira en abril do 2006 durante o Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental celebrado en Joinville (Brasil). Desta forma, a comunidade galega comprometeuse a acoller un evento similar ao brasileiro pero integrando a países de fala portuguesa, para dar así a coñecer o estado da educación ambiental en Galicia aos referentes desta disciplina en países distantes no espazo pero cunha lingua e cunha cultura similar.



I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia

24-27 setembro 2007 Santiago de Compostela

Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega recibiu a Soares Sambú, Ministro dos Recursos Naturais e Ambiente de Guinea Bissau



Os principais desafíos ambientais da actualidade foron debatidos en grupos de traballo que se dividiron en dez áreas: a Educación Ambiental (EA) e a Cooperación, a EA e o Cambio Climático, a EA e a Conservación da Biodiversidade, Redes e Asociacións de EA, a EA e o Ecofeminismo, a EA e o Turismo, a EA nas Axendas 21, a EA no Sistema Educativo, a EA e a Universidade e a EA Non Formal. Antes do remate do encontro, os coordinadores dos grupos de traballo (puntos focais) expuxeron as conclusións que acadaron nos catro días de traballo, onde fixeron unha análise do realizado en cada área en concreto e do que se debe de facer nun futuro próximo. Todos os puntos focais coincidiron en que as administracións deben de involucrarse máis nas diferentes áreas da educación ambiental mediante o financiamento de programas.

Durante os catro días nos que se celebrou o Congreso, os asistentes tiveron a oportunidade de escoitar as máximas autoridades e os maiores expertos da educación ambiental dentro dos países lusófonos e Galicia. Angola estivo representada polo Asesor do Ministerio de Urbanismo e Ambiente, **Vladimir Russo**, e pola Xefa do Departamento de Educación Ambiental do Ministerio de Urbanismo e Ambiente, **Joaquina Brás Caetano**. **Hamilton Pereira** (secretario de Articulación Institucional e Cidadanía Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente) e **Marcos Sorrentino** (Director de Educación Ambiental no Ministerio de Medio Ambiente) expuxeron a situación da EA no Brasil. **Aidil Borges**, docente e investigadora do Instituto Superior de Educación de Cabo Verde, encargouse de falar da situa-



ción da EA no seu país. O Ministro dos Recursos Naturais e Ambiente de Guinea Bissau, **Soares Sambú**, participou no diálogo Políticas de Medio Ambiente. Mozambique estivo representado por **Vilela de Sousa**, Directora Nacional para a promoción ambiental do Ministerio para a Coordinación da acción Ambiental. **Luis Moita**, vicerreitor da Universidade Autónoma de Lisboa, falou da situación da EA en Portugal. **Jorge de Carvalho** expuso a situación que vive San Tomé e Príncipe. **Carlos Lopes Ximenes**, da Dirección Nacional dos Servizos do Medio Ambiente, disertou sobre Timor Leste.

Polo Congreso tamén pasaron persoeiros como **Xosé Manuel Beiras**, presidente da Fundación Galiza Sempre, **Francisco Sónora**, responsable do proxecto Climántica da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e **Susana Calvo**, responsable da Unidade de Educación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente do Goberno de España.

Programación cultural

De forma paralela á programación académica e institucional desenvóléronse diversas actividades culturais co fin de promover o intercambio cultural entre os participantes para construír unha identidade lusófona-galega.

A programación cultural comezou coa apertura dunha mostra fotográfica, *Ollando a Lusofonía*, na que nove profesionais da fotografía nos países lusófonos expuxeron 95

fotos baixo unha mesma temática: a cultura. Nesta exposición puidéronse ver instantáneas de Sebastião Salgado, Vitor Nogueira, Antonio Campos, Xacobe Meléndrez Fassbender, Xulio Villarino, Mario Jaleco, Jorge Rosmarinho, Ricardo Franca e Katia Silva. As fotografías mostráronse na biblioteca Concepción Arenal, na Facultade de Ciencias da Comunicación e na Facultade de Filosofía.

A Aula Sociocultural de Caixa Galicia de Santiago de Compostela acolleu outra exposición do 11 ata o 29 de setembro: *"Ollando a Lusofonía_unha reflexión. Présa"* do fotógrafo galego Xacobe Meléndrez Fassbender.

Ademais, un día antes do comezo do Congreso, o domingo 23 de setembro, na Fundación Caixa Galicia de Santiago de Compostela proxectáronse tres documentais: *Batuque-A Alma dun Pobo*, *Mionga Ki Ôbo-Mar e Selva e Bissau D'Isable*. As películas, producidas todas no 2005 e dunha hora de duración, serviron de ferramenta para descubrir e compartir diferentes realidades e problemáticas sociais e ambientais de Cabo Verde, Timor e Guinea Bissau.

Unha das actividades culturais máis atractivas foi a romaría *Os nosos sabores, os nosos saberes* que tivo lugar na noite do luns, 24 de setembro, na Alameda de Santiago. Os participantes gozaron de alimentos típicos galegos, como o queixo e a empanada, e tamén trouxeron sabores típicos dos seus países. A música tradicional galega, o baile e os xogos populares foron outro dos atractivos da noite.

Francisco Díaz-Fierros, vicepresidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, Manuel Vázquez, Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Carlos Vales, director do CEIDA no acto de benvinda.



Marcos Sorrentino, Director de Educación Ambiental no Ministerio de Medio Ambiente, José Tadeu, secretario executivo adjunto da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa, Carlos Vales, director do CEIDA e Emilio Fernández, Director Xeral de Desenvolvemento Sostible na clausura do congreso



O I congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia foi un dos eventos promovidos polo CEIDA con máis repercusión mediática ao longo do 2007. O momento con máis noticias foi durante os días do evento; o acto inaugural foi o que tivo un peso máis relevante nos medios de comunicación galegos. O congreso foi recollido na prensa escrita, en medios dixitais, na radio e na televisión.

Dentro da prensa escrita, foi o xornal autonómico *La Voz de Galicia* o que fixo unha maior cobertura do acontecemento. Durante os días previos e nos do evento, este medio de comunicación publicou nove noticias relacionadas co tema, uns días na sección de Sociedade e outros na edición local de Santiago. O martes 25 de setembro de 2007 – día posterior á inauguración do congreso – *La Voz de Galicia* abriu a sección de Sociedad co titular “Ambientalistas gallegos y lusófonos comparten experiencias en Santiago”, onde se fala dos participantes e do acto inaugural. Dúas fotos complementan a noticia a catro columnas. *El Correo Gallego* abriu unha páxina da súa sección de Galicia coa noticia, “Expertos de 9 países abren en Galicia una nueva ruta en Educación Ambiental”; onde se lle fai unha pequena entrevista ao Ministro dos Recursos Naturais de Guinea Bissau, Soares Sambú, persoeiro invitado ao congreso.

Carlos Vales, presidente do Comité Organizador do Congreso, foi entrevistado na *Radio Galega*, en *Punto Radio*, en *Radio Voz*, entre outras, o propio día da inauguración do congreso. A *TVG*, local Santiago, tamén cubriu a cita.

Os días 26, 27 e 28 o congreso continuou ocupando un espazo nas páxinas xerais de *La Voz de Galicia*, de *El Correo Gallego* ou de *Galicia Hoxe*, con entrevistas ou resumos dalgunhas das ponencias dos relatores máis mediáticos. “La educación sobre el cambio climático es hoy una necesidad” é o titular que abre unha das páxinas da sección de Galicia de *El Correo Gallego* do 26 de setembro. As entrevistas aos expertos chegados dos distintos países lusófonos continuaron nos programas de ámbito autonómico dalgunhas radios galegas.

Os medios dixitais como *Vieiros*, *Gznacion*, *Galiciadigital*, as páxinas web de institucións como a Universidade de Santiago de Compostela, da Consellería de Medio Ambiente ou de revistas especializadas en medio ambiente, como *Ambientum*, tamén recolleron día a día o acontecemento organizado polo CEIDA.

No número 52 da revista galega de ecoloxía e medio ambiente, *Cerna*, publícase un artigo de dúas páxinas contando todo o que aconteceu: relatores participantes, áreas temáticas que se abordaron, conclusións,...

O evento tamén estivo cuberto polos representantes dalgunhs medios estranxeiros, sobre todo radiofónicos, chegados desde países como Portugal ou Cabo Verde, que retransmitiron as conclusións dos relatorios e exposicións diarias aos seus estados de orixe.



14 Galicia | El Correo Gallego | Miércoles, 26. sep. 2007

La educación sobre el cambio climático es hoy una necesidad

CITA ▶ Expertos dicen que la sociedad debe conocer el riesgo ambiental ▶ Destacan el papel de los medios

REDACCIÓN • SANTIAGO

El catedrático de Edafología de la USC Francisco Díaz-Fierros aseguró ayer que "la sociedad percibe que el cambio climático es un problema, por lo que la educación ambiental es uno de los factores claves para informar sobre el riesgo de este fenómeno". El profesor compostelano participó ayer en la mesa redonda *Comunicación y Educación sobre cambio climático*, celebrada en el marco del I Congreso Internacional de Educación Ambiental de los Países Lusófonos y Galicia. En su opinión, es preciso enseñar a la población a evaluar los riesgos de este problema ambiental, por lo que es preciso crear una "sociedad de riesgo", una expresión acuñada por el sociólogo alemán Ulrich Beck.

Por su parte, Francisco Heras, del español Centro Nacional de Educación Ambiental, comentó que el "educador ambiental debe transmitir las causas, los riesgos y cómo actuar ante la problemática del cambio climático. En la mesa, moderada por Francisco Soñora, de la Consellería de Medio Ambiente, participó también Rachel Trajber, coordinadora de Educación Ambiental del Ministerio de Educación de Brasil.

Todos los ponentes coinci-

dieron en señalar que los medios de comunicación son una herramienta clave para transmitir esta situación de riesgo, con el objetivo último de crear una "movilización social". El congreso está organizado por el Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.

Por su parte, Xosé Manuel Beiras, ex diputado del BNG y actual presidente de la Fundación Galiza Sempre, aseguró en el curso de un diálogo celebrado en el congreso que "la globalización es una fase de la mundialización del capitalismo" y que "se produce un retorno al capitalismo salvaje", con el que se corre el riesgo de acabar con la democracia.

En el diálogo participó, además, Hamilton Pereira, de la Secretaría de Articulação Institucional e Cidadania Ambiental do Ministério do Meio Ambiente de Brasil, quien advirtió de que hay gente que piensa que "los recursos naturales que se gastaron durante cinco siglos de esclavitud son infinitos" y alertó de que hay que ser conscientes de un desarrollo sostenible. Luis Moita, vicerrector de la Universidad Autónoma de Lisboa, explicó que los países africanos han sido víctimas de las políticas económicas del Primer Mundo.



Francisco Soñora, Izquierda, Rachel Trajber y Francisco Díaz Fierros

LA PROTAGONISTA

Brigida Rocha Brito

Centro de Estudios Africanos de Portugal y organizadora

"Los poderes políticos ahora son receptivos"



– ¿Qué es lo que pretendéis con este programa?

– Sobre todo, el intercambio de experiencias entre países tan diversos como los que participan en este congreso. Es verdad que tenemos un nexo común, que es la lengua, pero tenemos características muy diferentes. Por eso, además, el interés que teníamos en contar con los testimonios de países africanos y de Timor.

– ¿Crees que en estos países la sensibilización ambiental es tan fuerte como en los países desarrollados?

– Es ahora cuando comienza a haber preocupación por los

desequilibrios sobre el medio ambiente, sobre todo en las organizaciones no gubernamentales y en los jóvenes, que son los que más entusiasmo están poniendo en esta tarea.

– ¿Y los gobiernos de estas naciones están a la altura de esa sensibilidad social?

– Cada vez más los poderes políticos se van volviendo receptivos a la problemática ambiental, por eso son tan importantes los programas de educación. Nosotros queríamos que tanto la versión del poder público como la opinión de la sociedad civil estuviera presente ■

CERTAME O Congreso de Educación Ambiental e Lusofonía propón a unión dos países que comparten un idioma para que busquen as súas identidades nun traballo ambiental común

Ecoloxía, tamén lingüística

Para Manuel Vázquez, débese compatibilizar "a preservación dos recursos naturais e o crecemento económico"

Redacción - Santiago

A lingua como "fio común" entre Galicia e os países lusófonos permite crear espazos comúns para o estudo e a defensa do medioambiente. Nestes termos expresouse onte Carlos Vales, organizador do I Congreso Internacional de Educación Ambiental e Lusofonía que se celebra até o 27 de setembro na Facultade de Filoloxía de Compostela.

Máis de 400 especialistas, membros de ONGs, investigadores e representantes de nove estados participan no certame chegados dende Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique, San Tomé e Príncipe, Timor Leste, Brasil e Portugal. Precisamente esta reunión internacional que coincide no tempo coas sesións que a ONU dedicará ao cambio climático.

O conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, asistiu ao I Encontro de Puntos Focais Luso Galegos en Educación Ambiental, xunto co presidente do Consello da Cultura Galega (CCG), Ramón Villares, o presidente do comité organizador do evento, Carlos Vales e o vicepresidente do CCG, Francisco Díaz Fierros.

Manuel Vázquez valorou o encontro como unha oportunidade para "reforzar a necesidade de facer compatible o crecemento económico coa preservación dos recursos na-



Francisco Díaz Fierros, pola esquerda, Ramón Villares, Manuel Vázquez e Carlos Vales onte no Consello

SOARES SAMBU

"Enfrontámonos á degradación"

As universidades de Santiago e da Coruña, a Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) e o centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) organizan este certame no que onte participou tamén o ministro de Recursos Naturais e Ambiente de Guinea Bissau, Soares Sambu. O representante guineano subliñou que

a "presenza masiva das autoridades dos nosos países, da sociedade civil e ONGs recolle o carácter transversal do tema do medio ambiente, nun momento no que a humanidade se enfronta a unha situación de degradación do ambiente no que a cooperación internacional ten necesariamente un papel extraordinariamente importante".

turais" así como para intensificar a colaboración na mesma liña que o viña realizando a Comisión da Coordinación Galicia-Norte de Portugal.

Pola súa parte, o organizador do simposio, Carlos Vales, aclarou que non existe unha "relación directa" entre a situación ecolóxica dos países lusófonos e o galego senón que se aproveita o "fio común" que supón compartir unha "lingua e unha orixe cultural".

O representante do Ministerio de Medio Ambiente de Brasil, Marcos Sorrentino, aclarou que duran-

te o V Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental debateuse a necesidade de crear "articulacións máis específicas", e unha "moi importante", segundo puntualizou, é a lingüística. Así, apostou por "conseguir unir os países que comparten unha lingua para que busquen as súas identidades no campo da educación ambiental".

A idea de crear este primeiro foro xurdiu a partir dunha proposta do Ministerio de Medio Ambiente de Brasil durante un "longo proceso de colaboración" entre educadores ambientais das dúas rexións, segundo apuntou Vales.

Galia e Brasil, unidos por unha lingua semellante

Uns expertos brasileiros "descubriéron" que Galicia compartía co país carioca unha lingua que se asemella "máis ó brasileiro que o propio portugués de Portugal", asegurou o organizador. Así, a procura dun traballo ambiental común e os vínculos lingüísticos, xunto o exemplo de iniciativas anteriores, fixeron pensar en facer confluír estes países cunha lingua e cultura común.

Ademais, reiterou a importancia de que este encontro non se converta nun congreso "no seu sentido clásico" e non se esgote en si mesmo, senón que avogou por buscar continuidade porque se trata do "inicio dun proceso de traballo compartido".

Entre os numerosos representantes institucionais atópanse todos os responsables de política ambiental dos países participantes, así como expertos en ecoloxía e a titular de Educación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente español, Aina Llauguer. ■

El ministro de Recursos Naturales de Guinea-Bissau resalta la comunicación sin intérpretes en las sesiones

Ambientalistas gallegos y lusófonos comparten experiencias en Santiago

Diez áreas temáticas abordan asuntos como el cambio climático, el ecofeminismo o el sistema educativo

J. G.

SANTIAGO | Unos 400 expertos de Brasil (el país con más inscritos), Portugal, Angola, Mozambique, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Santo Tomé e Príncipe y Timor, además de Galicia y otras comunidades españolas, participan en Santiago en el I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia. El programa contempla diez áreas de trabajo, sobre educación y cooperación, cambio climático, conservación de la biodiversidad, redes y asociaciones de la disciplina, ecofeminismo, turismo, agendas 21, sistema educativo, universidad y educación ambiental no formal.

En la inauguración participaron los rectores de las universidades de Santiago y A Coruña—principales impulsoras del acontecimiento—, la conselleira de Educación y una representante del Ministerio de Medio Ambiente. En la sesión también intervino Soares Sambu, ministro de Recursos Naturales y Ambiente de Guinea-Bissau, quien resaltó que la comunicación en el congreso se realice sin intérprete. Además, destacó el carácter transversal de los problemas ambientales, la necesidad de cooperación internacional y el aprovechamiento de experiencias para no se repitan errores que se han dado en los países más desarrollados.

Apoyo institucional

Este es uno de los acontecimientos con mayor apoyo institucional de los celebrados hasta ahora en Compostela. La Comunidad de Países de Lengua Portuguesa, ministerios de los ocho países lusófonos y los de Asuntos Exteriores y Medio Ambiente de España, siete departamentos de la Xunta, el Consello da Cultura Galega, y otras instituciones públicas y privadas han aportado su colaboración.

El comité organizador lo preside Carlos Vales, del Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia. Además de las sesiones científicas, se promueven actividades relacionadas con Santiago y sus caminos, las rías Altas y la Ribeira Sacra; y una amplia programación cultural que consta de exposiciones, música, cafés-diálogo y una romería con sabores de los países participantes.



La muestra recorre los principales instantes del primer decenio de actividad de Voz Natura | XÓANA SOLER



El congreso, que se celebra en la Facultad de Filología, acoge la exposición de Voz Natura | XÓANA SOLER/CLARA CARO

Voz Natura muestra un proyecto de diez años que ya se internacionalizó con Portugal, Francia y la UE

Más de 200.000 escolares gallegos participaron en los 1.425 proyectos de educación ambiental promovidos por Voz Natura —iniciativa ambiental de la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre— en sus diez primeros años. Una exposición muestra en el congreso ambientalista galaico-lusófono la trayectoria y los principales logros de su primer decenio.

Voz Natura comenzó en el curso 1997-98 con la adhesión de 109 centros y 10.000 participantes, bajo el lema «Coida o teu mundo, limpa o teu entorno». En el 2005-2006 superó la barrera de las 200 solicitudes y un total de 27.500 estudiantes y docentes de diversos centros del país.

Además, desde el año 2001

el proyecto se internacionalizó por la colaboración de La Voz de Galicia con los diarios *Público* portugués y *Le Télégramme* francés, además de tener el apoyo de la Dirección General de Medio Ambiente de la Comisión Europea.

Las reforestaciones; las limpiezas de montes, ríos y playas; el reciclaje de residuos y las investigaciones fueron las principales propuestas presentadas en este período.

Voz Natura destaca el rigor metodológico y la seriedad de los trabajos que concurren. Su comité científico lo forman Ramón Núñez, director de los museos científicos de A Coruña; Marisa Castro, bióloga y profesora de la Universidade de Vigo; Fernando Garrido, periodista y licenciado en Dere-

cho; Marcos Pérez, físico y director técnico de la Casa das Ciencias de A Coruña; Antonio Pernell, biólogo y divulgador ambientalista; y José Antonio Díaz, como asesor ambiental y portavoz.

La actualidad fue una de las notas características, y así se desprende sobre todo de la participación del año 2002, en el que la catástrofe del Prestige tuvo protagonismo principal. En el 2001, Radio Voz ofreció nueva dimensión comunicativa, al ocuparse también del proyecto en su programación.

El esfuerzo de estos años tuvo el reconocimiento de premios como el Fontes, de la Federación Ecoloxista Galega, en 1999; el Rodríguez de la Fuente en el 2001, y la Bandera Europea de Medio Ambiente.





DOMINGO
QUIROGA

CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN

O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga é un dos servizos que ofrece o CEIDA. É un centro de información especializado na temática ambiental; a educación ambiental, a conservación e o desenvolvemento sustentable son as súas principais áreas temáticas.

A importancia do Centro de Documentación Domingo Quiroga radica na singularidade e especialización dos seus fondos, entre os que se poden atopar documentos técnicos, científicos ou divulgativos, recursos didácticos, un amplo número de revistas especializadas, proxectos, informes, materia gris, documentais educativos e divulgativos, folletos, carteis e unha gran cantidade de recursos electrónicos a disposición dende a páxina web do CEIDA.

A finais do 2007, o Centro de Documentación Domingo Quiroga almacenaba no seu depósito case 4000 monografías, máis de 10000 artigos de revistas, 700 audiovisuais, 760 documentos inéditos catalogados como materia gris, case 500 recursos electrónicos e uns 2000 folletos. A divulgación dos fondos faise mensualmente a través do Boletín de Novidades do Centro de Documentación e do Boletín Amares, onde os usuarios coñecen as novas adquisicións, infórmanse sobre subvencións, congresos, cursos ou exposicións sempre relacionados co medio ambiente. Cabe destacar que durante o 2007 o Centro de Documentación Domingo Quiroga adquiriu un gran volume de materiais sobre a educación ambiental en lingua portuguesa.

Traslado

Isto significa que, ano tras ano, o Centro de Documentación adquire unha gran cantidade de materiais bibliográficos, é este o motivo polo que, no 2007, se cambiaron as súas instalacións, aínda que sempre dentro da sede do CEIDA. Nun primeiro momento, o centro situábase na planta alta do Castelo de Santa Cruz, pero o espazo era reducido para tal fin. Así, en xuño de 2007 inaugurouse, na planta baixa do inmoble, o novo Centro de Documentación nun espazo dividido en tres salas: de depósito, de consulta e de lectura.

O Centro de Documentación Domingo Quiroga forma parte da rede estatal RECIDA – Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental -, na que están incluídos organismos de catorce autonomías do Estado español.

O Boletín Amares, especializado no medio mariño, é o resultado dun acordo de colaboración do CEIDA coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.



Seminario de centros de documentación ambiental e Espazos Naturais Protexidos

Anualmente, o Seminario de centros de documentación ambiental e Espazos Naturais Protexidos reúne aos membros do RECIDA. No ano 2007, o CEIDA foi o anfitrión deste evento no que participaron 44 especialistas en documentación ambiental de catorce comunidades españolas diferentes. A sexta edición deste seminario tivo lugar os días 6, 7 e 8 de xuño no Castelo de Santa Cruz, foi a primeira vez que se reunían en Galicia os representantes de centros de documentación vinculados ao Ministerio de Medio Ambiente; tales como o do Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM, da Estación Biológica de Doñana ou do Instituto Nacional de Investigaciones Agrarias, entre outros.

O encontro marcou un punto de inflexión na dinámica de traballo dos membros do RECIDA. Ademais da presentación de experiencias, establecéronse tres grupos de traballo sobre os temas que na anterior edición foran considerados de grande interese: bibliotecas dixitais, boletíns electrónicos e avaliación de páxinas web. Por tanto, neste seminario intercambiáronse experiencias, información, documentación e a colaboración en proxectos comúns para aumentar os servizos aos usuarios. O relator invitado foi **Jesús Tramullas**, profesor do Departamento de Ciencias da Documentación da Universidade de Zaragoza, que disertou sobre as bibliotecas dixitais e coordinou un taller sobre ferramentas para o traballo en colaboración. Crear un portal web do RECIDA foi unha das conclusións ás que se chegou neste seminario.



Publicacións:

Durante o 2007 o CEIDA continuou co labor editorial comezado o ano anterior. Publicáronse 4 monografías, 2 números da revista AmbientalMente sustentable e material audiovisual que complementa distintas actividades.

AmbientalMente sustentable.

A Coruña, vol. I, 2007, núm. 3

ISSN 1887-2417

Achega os esforzos de investigación, análise e reflexións que se están a facer no ámbito educativo, e ten como escenario o mundo lusófono e Galicia.




AmbientalMente sustentable.

A Coruña, vol. II, 2007, núm. 4

ISSN 1887-2417

Preséntanse estudos de casos e accións para mellorar a través dos instrumentos sociais a conservación das especies.



O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción: O cambio climático: Caderno de actividades didácticas secundaria.

A Coruña: CEIDA, DL 2007. 20 p.

Material educativo incluído dentro da exposición sobre o cambio climático pertencente ao Programa Clarity, un proxecto de colaboración de socios de cinco países europeos, entre eles o Ministerio de Medio Ambiente do Goberno Español.



Memoria de actividades 2006.

Oleiros: CEIDA, DL 2007. 87 p.

Publicación que recolle as actividades desenvolvidas pola entidade ao longo do ano 2006.



VALES, C. (dir. e coord.).

Prestige: crónica negra dun modelo enerxético insostible.

[Oleiros]: CEIDA; [Barcelona]: Fundació Territori i Paisatge, DL 2007. 87 p.

ISBN-13 978-84-611-8490-3

Un libro co que se quere facer reflexionar sobre o consumo de enerxía ademais de estimular novos comportamentos a favor dun modelo enerxético máis sostible ambientalmente.



VALES, C. (dir. e coord.).

Prestige: crónica negra d'un model energètic insostenible.

[Oleiros]: CEIDA; [Barcelona]: Fundació Territori i Paisatge, DL 2008. 87 p. Contén CD-Rom

ISBN-13 978-84-612-1834-9

Edición en catalán.



I congreso de educación ambiental dos centros educativos da Coruña [CD-Rom]: Defendamos o noso patrimonio natural: 10 maio de 2007, Auditorio Gabriel García Márquez de Mera (Oleiros).

[Oleiros]: CEIDA, DL 2007

ISBN-13 978-84-690-9682-6

Creado para dar a coñecer os traballos desenvolvidos polos alumnos dos centros educativos participantes no congreso.



Prestige [CD-Rom]: Crónica negra dun modelo enerxético insostible.

[Oleiros]: CEIDA; [Barcelona]: Fundació Territori i Paisatge, [2007]

Publicación que recolle o audiovisual "Prestige: a crónica da traxedia", informes de diversas entidades, material didáctico e os contidos da exposición "Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible".



I congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia. Comunicacions [CD-Rom].

[Oleiros: CEIDA], DL 2007

ISBN-13 978-84-690-7996-6

Unha recompilación dos traballos presentados no congreso.



Entidades colaboradoras

Ao longo do 2007, foron moitas as entidades que colaboraron na organización de actividades e programas. Para desenvolver a súa programación o CEIDA cooperou con administracións públicas de todos os niveis, dende a administración do estado ata os entes locais, pasando por múltiples apoios de diferentes departamentos da administración galega. A estas colaboracións hai que sumar a dos gobernos doutros países, redes internacionais, ONGs, entidades privadas así como outros colectivos e axentes sociais. Deste xeito, a **Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo** xunto cos **Goberno de Cabo Verde** e o **Ministerio de Meio Ambiente de Brasil** estiveron involucrados na organización do “I congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia”. Merece mención a elección da sede do CEIDA,

por parte do **CENEAM**, do Ministerio de Medio Ambiente, para o desenvolvemento do “Seminario de centros de documentación ambiental e Espazos Naturais Protexidos” e pola **Comisión de Educación y Comunicación do Comité Español da UICN** para o “Seminario: instrumentos sociais e conservación de especies”. A implicación da administración local cobrou especial significado coa colaboración da **Deputación da Coruña** que estendeu a súa colaboración neste ano dando continuidade ao programa de educación ambiental do centro e tomando parte doutras iniciativas como o “I congreso de educación ambiental dos centros educativos da Coruña”; no que tamén colaborou **GADISA**. Este mesmo grupo empresarial patrocinou, ademais, a itinerancia da exposición “Áreas Mariñas Protexidas” polos centros comerciais **Haley** de toda Galicia.

Colaboracións internacionais

Redes internacionais



FME



Gobiernos

**Gobierno de
Cabo Verde**



Outras



COPEGA



Administración central



Administración autonómica



Outras entidades con participación pública de Galicia



Outras entidades con participación pública de Galicia



Administración local



Universidade



Empresa privada



Fundacións e entidades financeiras



Ambientalistas



**Colectivo Erva
Ecoloxistas en
acción**



Outras



**Club de Montañeiros
Celtas**



